



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Número 476
14 de maio de 2019

Fascículo 2



CSV: BOPGDSPGkzgfRlIMqL9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 13 de maio de 2019, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de administración dixital de Galicia [10/PL-000014 (48795)]

[160175](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

■ 49580 (10/POP-005904)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as medidas que vai levar a cabo o Goberno galego para evitar os continuos conflitos que xorden como consecuencia da liberdade coa que actúan os furtivos

[160185](#)

■ 49603 (10/POP-005905)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a actividade desenvolvida polo Observatorio do Solo Empresarial

[160187](#)

■ 49622 (10/POP-005906)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas denuncias referidas á situación do Punto de Encontro Familiar de Ourense

[160189](#)

■ 49632 (10/POP-005907)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 4 máis

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a habilitación dun espazo digno no Xulgado de Viveiro para as mulleres denunciante de violencia de xénero

[160192](#)

■ 49638 (10/POP-005908)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para recortar, na licitación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, a dotación de técnicos de emerxencias sanitarias das ambulancias de Soporte Vital Avanzado da Mariña e Monforte

[160195](#)



I 49640 (10/POP-005909)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis**

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a habilitación, no Xulgado de Violencia sobre a Muller de Viveiro, dun espazo digno como sala de espera para as mulleres maltratadas [160198](#)

I 49700 (10/POP-005910)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para mellorar a igualdade de oportunidades das mulleres no sector da pesca [160200](#)

I 49706 (10/POP-005911)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á dotación ao Concello da Rúa dunha motobomba para a extinción dos lumes coas características solicitadas por este [160201](#)

I 49714 (10/POP-005912)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as razóns do Goberno galego para non cubrir as prazas de médicos vacantes por xubilación na atención primaria da comarca de Valdeorras [160204](#)

I 49721 (10/POP-005913)**Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre as razóns do Goberno galego para dotar dun só técnico de emerxencias sanitarias a ambulancia medicalizada do sur da provincia de Lugo [160207](#)

I 49725 (10/POP-005914)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis**

Sobre as razóns da Consellería do Medio Rural para deixar sen executar no ano 2018 máis de cen millón de euros nos programas orzamentarios 55, «Actuacións e valorización do medio rural», e 71, «Dinamización económica do medio rural» [160210](#)

I 49730 (10/POP-005915)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para reverter a baixada que presentan os permisos de explotación marisqueira en Galicia entre os anos 2009 e 2018 [160212](#)

I 49759 (10/POP-005916)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para evitar a baixada do número de traballadores autónomos en Galicia [160214](#)

I 49762 (10/POP-005917)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as razóns do incremento que rexistra en Galicia a recadación do imposto sobre sucesións e doazóns en relación co ano 2015 [160216](#)

I 49779 (10/POP-005918)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non adoptar as medidas propostas por Adegas co fin de protexer a Cova Eirós, no concello de Triacastela [160220](#)

I 49786 (10/POP-005919)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia diante da situación da central térmica de Meirama [160223](#)

I 49799 (10/POP-005920)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para resolver as carencias de persoal e de recursos materiais existentes no Hospital Comarcal de Verín [160226](#)

I 49809 (10/POP-005921)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da posible incidencia das condicións establecidas no concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre na súa calidade asistencial [160228](#)

I 49815 (10/POP-005922)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as xestións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para acadar a homologación dos estudos da Escola de Cantería de Poio e a creación dos correspondentes títulos académicos de ciclo medio e superior de formación profesional [160231](#)

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

I 49576 (10/POC-007841)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e 7 máis



Sobre as previsións do Goberno galego para o impulso e desenvolvemento da circunvalación leste de Ourense, entre Bemposta e a estrada N-525, ao seu paso por San Cibrao das Viñas [160234](#)

I 49579 (10/POC-007842)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións concretas levadas a cabo polo Goberno galego nos últimos cinco anos contra o furtivismo na reserva mariña dos Miñarzos, en Lira, así como as medidas que vai desenvolver para evitar os continuos conflitos cos furtivos nela [160237](#)

I 49602 (10/POC-007843)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a actividade desenvolvida polo Observatorio do Solo Empresarial, a súa avaliación respecto das necesidades do sector e as propostas de actuación elaboradas nos distintos parques empresariais de Galicia, así como a publicación dos seus informes periódicos e os datos referidos á iniciativa denominada Concellos Doing Business Galicia [160239](#)

I 49617 (10/POC-007844)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das denuncias da veciñanza referidas á construción do parque eólico das Sasdónigas, no concello de Mondoñedo, a garantía da protección ambiental e do patrimonio, en especial a do Camiño de Santiago e das zonas húmidas, así como as medidas adoptadas e previstas para ese fin [160242](#)

I 49621 (10/POC-007845)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos

Sobre as xestións levadas a cabo e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas denuncias referidas á localización e xestión do Punto de Encontro Familiar de Ourense [160246](#)

I 49631 (10/POC-007846)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre as actuacións previstas pola Consellería de Sanidade, e en particular o Sergas, en relación co compromiso, dedicación, tempo e voluntariedade das súas profesionais na mellora continua da calidade asistencial, formación e coñecemento a través da súa participación en comisións específicas [160249](#)

I 49633 (10/POC-007847)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 4 máis

Sobre os prazos previstos pola Xunta de Galicia para a recuperación da demora que presenta o traballo xudicial no Xulgado de Viveiro e a habilitación nel dun espazo digno para as mulleres denunciadas de violencia de xénero, así como as actuacións que vai levar a cabo para o seu reforzo e a mellora da dotación de medios humanos e materiais [160252](#)



I 49637 (10/POC-007848)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para recortar, na licitación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, a dotación de técnicos de emerxencias sanitarias das ambulancias de soporte vital avanzado da Mariña e Monforte, a aplicación desta medida no futuro a máis áreas sanitarias e comarcas e a garantía da calidade asistencial

[160255](#)**I 49639 (10/POC-007849)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da habilitación, no Xulgado de Violencia sobre a Muller de Viveiro, dun espazo digno como sala de espera para as mulleres maltratadas, así como as súas razóns para non aceptar a cesión de uso de diversos locais dun inmovible realizada polo Concello para a ampliación dos xulgados

[160259](#)**I 49685 (10/POC-007851)****Grupo Parlamentario de En Marea****Miranda Pena, Flora María**

Sobre os recursos específicos do Sergas para o tratamento do alcoholismo, dados os datos epidemiolóxicos publicados recentemente respecto da súa incidencia en Galicia

[160261](#)**I 49688 (10/POC-007852)****Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis**

Sobre a xestión que está a levar a cabo e as previsións do Goberno galego en relación coa prestación do servizo de asistente persoal ás persoas en situación de dependencia, así como os datos ao respecto

[160264](#)**I 49689 (10/POC-007853)****Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre a actuación de cementado acometida nunha pista que dá acceso á igrexa de San Bartolomeu de Belesar, no concello de Chantada

[160270](#)**I 49699 (10/POC-007854)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos da enquisa de poboación activa referidos á perda dun terzo de mulleres ocupadas no sector da pesca desde o ano 2009 ata a actualidade, así como as actuacións que vai levar a cabo para recuperar o seu nivel de emprego e mellorar a igualdade de oportunidades neste sector

[160273](#)**I 49705 (10/POC-007855)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á dotación ao Concello da Rúa dunha motobomba para a extinción dos lumes coas características solicitadas por este, as súas razóns para discriminar ese concello na distribución de medios para ese fin, así como as medidas que vai adoptar para dotar de vehículos motobomba aqueles concellos que os demandan [160275](#)

I 49707 (10/POC-007856)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da perda de poboación que rexistra Galicia nos dez últimos anos, en especial nos concellos rurais, así como as razóns da Consellería do Medio Rural para deixar sen executar no ano 2018 máis de cen millóns de euros nos programas orzamentarios 55. Actuacións e valorización do medio rural e 71. Dinamización económica do medio rural [160279](#)

I 49708 (10/POC-007857)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da perda de poboación que rexistra Galicia nos dez últimos anos, en especial nos concellos rurais, así como as razóns da Consellería do Medio Rural para deixar sen executar no ano 2018 máis de cen millóns de euros nos programas orzamentarios 55. Actuacións e valorización do medio rural e 71. Dinamización económica do medio rural [160281](#)

I 49713 (10/POC-007858)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación dos centros de saúde de Rubiá e da Rúa, as súas razóns para non cubrir as prazas de médicos vacantes por xubilación na atención primaria da comarca, así como a súa valoración e as actuacións previstas para resolver as carencias de servizos e de persoal no Hospital Comarcal de Valdeorras [160283](#)

I 49715 (10/POC-007859)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para recortar, na licitación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, a dotación de técnicos de emerxencias sanitarias da ambulancia medicalizada de Foz, así como as súas previsións referidas á rectificación da súa política ao respecto [160287](#)

I 49720 (10/POC-007860)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as razóns do Goberno galego para dotar dun só técnico de emerxencias sanitarias a ambulancia medicalizada do sur da provincia de Lugo, así como as súas previsións respecto da modificación do prego de condicións do concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre co fin de inserir a praza suprimida [160290](#)

I 49729 (10/POC-007861)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa baixada que presentan os permisos de explotación marisqueira de mulleres en Galicia entre os anos 2009 e 2018, as actuacións que vai levar a cabo para revertir esta situación, así como os cursos de formación que vai realizar para a súa obtención nos anos 2017 e 2018 e os previstos para 2019 [160293](#)

I 49735 (10/POC-007862)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a atención prestada nos servizos de Traumatoloxía e Neurocirurxía da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Lugo a unha veciña de Quiroga que pode quedar en cadeira de rodas [160295](#)

I 49758 (10/POC-007864)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre as razóns da perda de traballadores autónomos que rexistra Galicia no último ano, a valoración e as medidas previstas polo Goberno galego ao respecto [160298](#)

I 49761 (10/POC-007865)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as razóns do incremento que rexistra en Galicia a recadación do imposto sobre sucesións e doazóns en relación co ano 2015, a realización pola Consellería de Facenda dalgún estudo comparativo respecto da súa evolución nos dez últimos anos, así como o impacto que van ter no ano 2019 os beneficios fiscais establecidos no artigo 2 da Lei 3/2018 [160300](#)

I 49778 (10/POC-007866)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non adoptar as medidas propostas por Adegas co fin de protexer a Cova Eirós, no concello de Triacastela [160304](#)

I 49785 (10/POC-007868)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia da situación da central térmica de Meirama, as actuacións previstas diante do anuncio do seu peche e as levadas a cabo para fiscalizar as súas emisións, así como o seu proceso de adaptación á directiva europea na materia e a súa valoración respecto da exclusión de Galicia do Plan do carbón [160308](#)

I 49790 (10/POC-007870)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a realización pola Consellería do Mar dos estudos necesarios para acometer no Porto Chico de Foz as melloras integrais propostas pola Asociación A Ribeira, de Foz, as previsións referidas ao seu impulso e a dispoñibilidade dalgún informe técnico respecto do estado das súas instalacións [160312](#)



I 49794 (10/POC-007871)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre o desprazamento da técnico titular da Unidade de Medicina Nuclear do Hospital Lucus Augusti, de Lugo, por unha persoa en comisión de servizo

[160316](#)**I 49798 (10/POC-007872)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre o prazo e as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver as carencias de persoal e de recursos materiais existentes no Hospital Comarcal de Verín

[160319](#)**I 49808 (10/POC-007873)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da posible incidencia, na calidade asistencial e nas condicións laborais dos traballadores, das condicións establecidas no concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, así como respecto da necesidade de modificar os criterios de valoración

[160322](#)**I 49814 (10/POC-007874)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación na que se atopa a Escola de Cantería de Poio a consecuencia da falta de recoñecemento oficial dos estudos que imparte, así como acerca das xestións levadas a cabo respecto da demanda da Deputación Provincial de Pontevedra referida á homologación da súa titulación

[160326](#)**I 49573 (10/POC-007840)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre os criterios seguidos pola CRTVG para informar da presenza en Galicia de ministras do Goberno central para tratar cuestións de interese para a cidadanía galega

[160330](#)**I 49748 (10/POC-007863)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre os datos referidos á emisión pola CRTVG de publicidade en materia de xogo e apostas, así como a valoración da posibilidade de prohibila na súa totalidade

[160332](#)**I 49782 (10/POC-007867)****Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre a sanción imposta pola CRTVG a un locutor e a circular interna remitida ao persoal en relación co seu pronunciamento a favor dos Venres Negros durante a xornada de traballo

[160336](#)

I 49788 (10/POC-007869)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a orde de non emitir na TVG contidos xa programados relacionados coa cantante Sés [160339](#)

I 45604 (10/POC-007285)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as razóns do peche no porto de Marín do centro A Aixola, dependente ata o ano 2017 do Centro Tecnolóxico do Mar, as previsións da Xunta de Galicia respecto da súa reapertura e o financiamento que recibiu do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca [160184](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Acordo da Mesa do Parlamento, do 13 de maio de 2019, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de administración dixital de Galicia [10/PL-000014 (48795)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 49801, o escrito do G. P. do Bloque Nacionalista Galego polo que solicita a ampliación do prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de administración dixital de Galicia [10/PL-000014 (48795)].

Visto o disposto no artigo 96 do Regulamento da Cámara, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1º. Ampliar, por terceira vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de administración dixital de Galicia, ata o día 24 de maio de 2019, ás 18.30 horas.

2º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

3º. Dar conta deste acordo á Xunta de Portavoces.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 13 de maio de 2019, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite e publicación

- 49580 (10/POP-005904)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as medidas que vai levar a cabo o Goberno galego para evitar os continuos conflitos que xorden como consecuencia da liberdade coa que actúan os furtivos



- 49603 (10/POP-005905)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a actividade desenvolvida polo Observatorio do Solo Empresarial

- 49622 (10/POP-005906)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas denuncias referidas á situación do Punto de Encontro Familiar de Ourense

- 49632 (10/POP-005907)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 4 máis

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a habilitación dun espazo digno no Xulgado de Viveiro para as mulleres denunciadas de violencia de xénero

- 49638 (10/POP-005908)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para recortar, na licitación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, a dotación de técnicos de emerxencias sanitarias das ambulancias de Soporte Vital Avanzado da Mariña e Monforte

- 49640 (10/POP-005909)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a habilitación, no Xulgado de Violencia sobre a Muller de Viveiro, dun espazo digno como sala de espera para as mulleres maltratadas

- 49700 (10/POP-005910)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para mellorar a igualdade de oportunidades das mulleres no sector da pesca

- 49706 (10/POP-005911)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á dotación ao Concello da Rúa dunha motobomba para a extinción dos lumes coas características solicitadas por este

- 49714 (10/POP-005912)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis



Sobre as razóns do Goberno galego para non cubrir as prazas de médicos vacantes por xubilación na atención primaria da comarca de Valdeorras

- 49721 (10/POP-005913)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as razóns do Goberno galego para dotar dun só técnico de emerxencias sanitarias a ambulancia medicalizada do sur da provincia de Lugo

- 49725 (10/POP-005914)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre as razóns da Consellería do Medio Rural para deixar sen executar no ano 2018 máis de cen millón de euros nos programas orzamentarios 55, «Actuacións e valorización do medio rural», e 71, «Dinamización económica do medio rural»

- 49730 (10/POP-005915)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para reverter a baixada que presentan os permisos de explotación marisqueira en Galicia entre os anos 2009 e 2018

- 49759 (10/POP-005916)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para evitar a baixada do número de traballadores autónomos en Galicia

- 49762 (10/POP-005917)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as razóns do incremento que rexistra en Galicia a recadación do imposto sobre sucesións e doazóns en relación co ano 2015

- 49779 (10/POP-005918)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non adoptar as medidas propostas por Adegas co fin de protexer a Cova Eirós, no concello de Triacastela

- 49786 (10/POP-005919)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia diante da situación da central térmica de Meirama



- 49799 (10/POP-005920)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para resolver as carencias de persoal e de recursos materiais existentes no Hospital Comarcal de Verín

- 49809 (10/POP-005921)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da posible incidencia das condicións establecidas no concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre na súa calidade asistencial

- 49815 (10/POP-005922)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as xestións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para acadar a homologación dos estudos da Escola de Cantería de Poio e a creación dos correspondentes títulos académicos de ciclo medio e superior de formación profesional

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 49576 (10/POC-007841)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e 7 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para o impulso e desenvolvemento da circunvalación leste de Ourense, entre Bemposta e a estrada N-525, ao seu paso por San Cibrao das Viñas
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 49579 (10/POC-007842)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións concretas levadas a cabo polo Goberno galego nos últimos cinco anos contra ofurtivismo na reserva mariña dos Miñarzos, en Lira, así como as medidas que vai desenvolver para evitar os continuos conflitos cos furtivos nela
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 49602 (10/POC-007843)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a actividade desenvolvida polo Observatorio do Solo Empresarial, a súa avaliación respecto das necesidades do sector e as propostas de actuación elaboradas nos distintos parques empresariais de Galicia, así como a publicación dos seus informes periódicos e os datos referidos á iniciativa denominada Concellos Doing Business Galicia
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos



- 49617 (10/POC-007844)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das denuncias da veciñanza referidas á construción do parque eólico das Sasdónigas, no concello de Mondoñedo, a garantía da protección ambiental e do patrimonio, en especial a do Camiño de Santiago e das zonas húmidas, así como as medidas adoptadas e previstas para ese fin

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 49621 (10/POC-007845)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos

Sobre as xestións levadas a cabo e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas denuncias referidas á localización e xestión do Punto de Encontro Familiar de Ourense

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49631 (10/POC-007846)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre as actuacións previstas pola Consellería de Sanidade, e en particular o Sergas, en relación co compromiso, dedicación, tempo e voluntariedade das súas profesionais na mellora continua da calidade asistencial, formación e coñecemento a través da súa participación en comisións específicas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49633 (10/POC-007847)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 4 máis

Sobre os prazos previstos pola Xunta de Galicia para a recuperación da demora que presenta o traballo xudicial no Xulgado de Viveiro e a habilitación nel dun espazo digno para as mulleres denunciadas de violencia de xénero, así como as actuacións que vai levar a cabo para o seu reforzo e a mellora da dotación de medios humanos e materiais

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49637 (10/POC-007848)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para recortar, na licitación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, a dotación de técnicos de emerxencias sanitarias das ambulancias de soporte vital avanzado da Mariña e Monforte, a aplicación desta medida no futuro a máis áreas sanitarias e comarcas e a garantía da calidade asistencial

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49639 (10/POC-007849)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis



Sobre as previsións do Goberno galego respecto da habilitación, no Xulgado de Violencia sobre a Muller de Viveiro, dun espazo digno como sala de espera para as mulleres maltratadas, así como as súas razóns para non aceptar a cesión de uso de diversos locais dun inmovible realizada polo Concello para a ampliación dos xulgados

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 49685 (10/POC-007851)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre os recursos específicos do Sergas para o tratamento do alcoholismo, dados os datos epidemiolóxicos publicados recentemente respecto da súa incidencia en Galicia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49688 (10/POC-007852)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a xestión que está a levar a cabo e as previsións do Goberno galego en relación coa prestación do servizo de asistente persoal ás persoas en situación de dependencia, así como os datos ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49689 (10/POC-007853)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a actuación de cementado acometida nunha pista que dá acceso á igrexa de San Bartolomeu de Belesar, no concello de Chantada

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 49699 (10/POC-007854)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos da enquisa de poboación activa referidos á perda dun terzo de mulleres ocupadas no sector da pesca desde o ano 2009 ata a actualidade, así como as actuacións que vai levar a cabo para recuperar o seu nivel de emprego e mellorar a igualdade de oportunidades neste sector

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 49705 (10/POC-007855)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á dotación ao Concello da Rúa dunha motobomba para a extinción dos lumes coas características solicitadas por este, as súas razóns para discriminar ese concello na distribución de medios para ese fin, así como as medidas que vai adoptar para dotar de vehículos motobomba aqueles concellos que os demandan

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes



- 49707 (10/POC-007856)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da perda de poboación que rexistra Galicia nos dez últimos anos, en especial nos concellos rurais, así como as razóns da Consellería do Medio Rural para deixar sen executar no ano 2018 máis de cen millóns de euros nos programas orzamentarios 55. Actuacións e valorización do medio rural e 71. Dinamización económica do medio rural
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 49708 (10/POC-007857)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da perda de poboación que rexistra Galicia nos dez últimos anos, en especial nos concellos rurais, así como as razóns da Consellería do Medio Rural para deixar sen executar no ano 2018 máis de cen millóns de euros nos programas orzamentarios 55. Actuacións e valorización do medio rural e 71. Dinamización económica do medio rural
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 49713 (10/POC-007858)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación dos centros de saúde de Rubiá e da Rúa, as súas razóns para non cubrir as prazas de médicos vacantes por xubilación na atención primaria da comarca, así como a súa valoración e as actuacións previstas para resolver as carencias de servizos e de persoal no Hospital Comarcal de Valdeorras
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49715 (10/POC-007859)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para recortar, na licitación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, a dotación de técnicos de emerxencias sanitarias da ambulancia medicalizada de Foz, así como as súas previsións referidas á rectificación da súa política ao respecto
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49720 (10/POC-007860)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as razóns do Goberno galego para dotar dun só técnico de emerxencias sanitarias a ambulancia medicalizada do sur da provincia de Lugo, así como as súas previsións respecto da modificación do prego de condicións do concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre co fin de inserir a praza suprimida
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49729 (10/POC-007861)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa baixada que presentan os permisos de explotación marisqueira de mulleres en Galicia entre os anos 2009 e 2018, as actuacións que vai levar a cabo para revertir esta situación, así como os cursos de formación que vai realizar para a súa obtención nos anos 2017 e 2018 e os previstos para 2019

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 49735 (10/POC-007862)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a atención prestada nos servizos de Traumatoloxía e Neurocirurxía da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Lugo a unha veciña de Quiroga que pode quedar en cadeira de rodas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49758 (10/POC-007864)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre as razóns da perda de traballadores autónomos que rexistra Galicia no último ano, a valoración e as medidas previstas polo Goberno galego ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49761 (10/POC-007865)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as razóns do incremento que rexistra en Galicia a recadación do imposto sobre sucesións e doazóns en relación co ano 2015, a realización pola Consellería de Facenda dalgún estudo comparativo respecto da súa evolución nos dez últimos anos, así como o impacto que van ter no ano 2019 os beneficios fiscais establecidos no artigo 2 da Lei 3/2018

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 49778 (10/POC-007866)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non adoptar as medidas propostas por Adegas co fin de protexer a Cova Eirós, no concello de Triacastela

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 49785 (10/POC-007868)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia da situación da central térmica de Meirama, as actuacións previstas diante do anuncio do seu peche e as levadas a cabo para fiscalizar as súas emisións, así como o seu proceso de adaptación á directiva europea na materia e a súa valoración respecto da exclusión de Galicia do Plan do carbón

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo



- 49790 (10/POC-007870)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a realización pola Consellería do Mar dos estudos necesarios para acometer no Porto Chico de Foz as melloras integrais propostas pola Asociación A Ribeira, de Foz, as previsións referidas ao seu impulso e a dispoñibilidade dalgún informe técnico respecto do estado das súas instalacións
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 49794 (10/POC-007871)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o desprazamento da técnico titular da Unidade de Medicina Nuclear do Hospital Lucus Augusti, de Lugo, por unha persoa en comisión de servizo
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49798 (10/POC-007872)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o prazo e as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver as carencias de persoal e de recursos materiais existentes no Hospital Comarcal de Verín
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49808 (10/POC-007873)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da posible incidencia, na calidade asistencial e nas condicións laborais dos traballadores, das condicións establecidas no concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, así como respecto da necesidade de modificar os criterios de valoración
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49814 (10/POC-007874)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación na que se atopa a Escola de Cantería de Poio a consecuencia da falta de recoñecemento oficial dos estudos que imparte, así como acerca das xestións levadas a cabo respecto da demanda da Deputación Provincial de Pontevedra referida á homologación da súa titulación
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 49573 (10/POC-007840)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre os criterios seguidos pola CRTVG para informar da presenza en Galicia de ministras do Goberno central para tratar cuestións de interese para a cidadanía galega
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG



- 49748 (10/POC-007863)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre os datos referidos á emisión pola CRTVG de publicidade en materia de xogo e apostas, así como a valoración da posibilidade de prohibila na súa totalidade

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 49782 (10/POC-007867)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a sanción imposta pola CRTVG a un locutor e a circular interna remitida ao persoal en relación co seu pronunciamento a favor dos Venres Negros durante a xornada de traballo

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 49788 (10/POC-007869)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a orde de non emitir na TVG contidos xa programados relacionados coa cantante Sés

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Asignación nova Comisión e publicación do acordo

- 45604 (10/POC-007285)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as razóns do peche no porto de Marín do centro A Aixola, dependente ata o ano 2017 do Centro Tecnolóxico do Mar, as previsións da Xunta de Galicia respecto da súa reapertura e o financiamento que recibiu do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca

BOPG nº 430, do 13.02.2019

A Mesa acorda a reasignación, solicitada no doc. núm. 49817, á Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A cuestión do furtivismo resulta de claro e relevante interese para os socialistas, por iso temos achegado á comisión de pesca e marisqueo, varias propostas e preguntas sobre esta cuestión. A nosa posición, fronte ao maior inimigo da actividade marisqueira das nosas costas, é nítida, de defensa da legalidade, a produción e a calidade do traballo dos profesionais do mar.

As persoas que traballan no mar, ven con indefensión como os furtivos actúan libremente.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista temos proposto na Comisión de Pesca e Marisqueo cuestións como:

- a) axilizar os pagos ás confrarías que permiten contratar vixilancia, para reforzar esta;
- b) afondar nas políticas de sancións aos infractores e tamén á rede de beneficiarios do furtivismo;
- c) defender o valor das campañas de concienciación sobre o negativo do consumo de produtos que proceden do furtivismo.

Pero sempre que estas propostas foron presentadas polo PSdeG, atopámonos a un PP votando en contra, co argumento de que non cabía formular esas cuestións porque, ou ben non había problemas nesas cuestión específicas ou ben xa se está traballando nelas.

Sería, polo tanto, hoxe un bo momento para reflexionar sobre estas cuestión e celebraríamos que o PP se fose achegando de maneira clara ás posicións que os Socialistas vimos defendendo, evitaríanse situacións como a acontecida na Reserva Mariña dos Miñarzos.



Por iso as deputadas que asinan preguntan:

Vai levar a cabo o Goberno galego algún tipo de medida para evitar os continuos conflitos que xorden como consecuencia da liberdade coa que actúan os furtivos?

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 03/05/2019 13:44:36

Patricia Otero Rodríguez na data 03/05/2019 13:44:48



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O artigo 30 do Estatuto de autonomía de Galicia establece que a Comunidade Autónoma de Galicia ten a competencia exclusiva sobre o fomento e a planificación da actividade económica de Galicia.

En virtude desta competencia, a Consellería de Economía, Emprego e Industria puxo en funcionamento no ano 2016 a oficina *Doing Business Galicia*.

O 10 de outubro de 2017, A Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) asinaron un protocolo de actuación para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “*Concellos Doing Business Galicia*”.

O Protocolo pon unha serie de deberes aos concellos que consisten na axilización e simplificación administrativa dos trámites municipais, modificacións do réxime xurídico do concello e modificacións do réxime fiscal; así como o establecemento de prezos competitivos nas parcelas de solo empresarial.

E na cláusula terceira do documento recóllense os compromisos da Xunta de Galicia:

“Os concellos que se acollan á iniciativa “Doing Business Galicia” veranse beneficiados das diferentes medidas que vai promover a Xunta de Galicia coa finalidade de alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. En concreto:

1. A Xunta de Galicia establecerá unha discriminación positiva a favor de aqueles concellos solicitantes de subvencións destinadas a investimentos e gastos nos eidos industrial, do emprego e do emprendemento, cando as mesmas sexan convocadas en réxime de concorrencia competitiva por calquera consellería ou entidade pertencente ao sector público autonómico de Galicia, mediante a regulación nas bases da convocatoria dun criterio específico neste sentido no que o baremo de puntuación supoña, cando menos, o 20 por 100, do total.



2. Os concellos adheridos a este protocolo poderán integrar o solo industrial da súa titularidade no Observatorio de Solo Empresarial creado pola Xunta de Galicia co fin de centralizar a información relativa á oferta de inmobles empresariais (naves, parcelas, oficinas, viveiros de empresas...), e ofrecer ás empresas e emprendedores unha localización en Galicia para o desenvolvemento da súa actividade.

3. Creación dunha marca territorial, asociada á Oficina Doing Business, como plataforma de colaboración para reducir as cargas administrativas ás empresas e que funcione a modo de xanela única. Os adheridos ao protocolo adquirirán, a condición de “Concello Doing Bussines Galicia”, o que suporá un reforzo do posicionamento global do concello con respecto aos non integrados nesta marca territorial, e identificarán os activos tanxibles e intanxibles que posúe Galicia en xeral, e os seus diferentes municipios en particular, e que lles garanten diferenciarse doutros territorios.”

Pasado máis de 18 meses desde a sinatura deste protocolo, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Cal foi a actividade do Observatorio de Solo Empresarial creado pola Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 6 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/05/2019 17:09:24

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/05/2019 17:09:30



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Marcos Cal Ogando, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Os puntos de encontro familiar atópanse regulados no Decreto 96/2014, do 3 de xullo. Constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente, que ten por obxecto favorecer a relación entre as e os menores e as súas familias cando nunha situación de separación, divorcio, nulidade, tutela ou calquera outro suposto de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se vexa interrompido ou o seu cumprimento resulte difícil ou conflictivo.

Na actualidade a xestión dos Puntos de Encontro é diversa nas distintas localidades. Dende En Marea entendemos que é necesario fomentar que estes sexan de xestión directa pública, e é imprescindible que se garanta o acceso a estes servizos a toda a poboación. Na actualidade aínda estamos lonxe de conseguir un acceso equitativo, xa que nalgúns casos as persoas teñen que percorrer grandes distancias, especialmente no rural ou agardar quendas por mor da saturación dos servizos.

O lugar onde están situados non é sempre o máis axeitado. Así, por exemplo en Ourense, os colectivos feministas da cidade levan tempo denunciando que dende o seu traslado no ano 2013 ás instalacións da Casa da Xuventude este non é o emprazamento idóneo.





Así mesmo, tamén se denuncia que en ocasións se está producindo a revitimización das mulleres superviventes de violencia machista, tratando a intervención nestes casos como si se tratará simplemente de divorcios conflitivos, reproducindo e perpetuando estereotipos sobre estas mulleres e a violencia e deixando as crianzas en situacións de desamparo e risco.

A maiores, semella que non se está dando a coordinación necesaria coas distintas profesionais dos servizos sociais, sanitarios e educativos, que atenden as crianzas e familias que acoden ao punto de encontro.

Por todo o anterior exposto, preséntase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Vai o Goberno galego realizar algunha auditoría sobre a situación do Punto de Encontro de Ourense por mor das denuncias realizadas recentemente?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2019.

Asdo: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Deputadas do G.P. de En Marea





Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 07/05/2019 14:40:41

Marcos Cal Ogando na data 07/05/2019 14:40:52



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Marcos Cal Ogando, Paula Quinteiro Araujo e Flora María Miranda Pena, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

O xulgado de primeira instancia e instrución número 2 de Viveiro, que coñece de todos os asuntos relacionados coa violencia exercida contra a muller, padece, dende hai tempo, de determinadas eivas.

En primeiro lugar, coma noutros xulgados, existe unha acumulación de asuntos e atrasos que chegan aos 18 meses neste tipo de litixios. O persoal alertou de acumulación de asuntos sobre demandas de divorcio, separación ou medidas paternofiliais, uso do domicilio familiar, réxime de custodia e visitas e pensión de alimentos a menores, entre outros.

Por outra parte, o persoal vén de chamar a atención sobre a falta dun espazo digno que sirva de sala de espera para as mulleres que denuncian violencia de xénero.

Tal como ten que denunciado o persoal e publicado a prensa (<http://xornaldamariña.gal>), “entre mobiliario escaso, vello e sucio, nun espazo que ten problemas de humidade e reducido por mor dos centos de arquivos acumulados ao seu redor. Sen apenas intimidade, xa que os funcionarios entran e saen con frecuencia, todos os días, para buscar documentación sobre os casos máis recentes. Así é a sala na que agardan horas as vítimas de violencia de xénero no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 2 de Viveiro para





denunciar os seus agresores”. Este espazo é o destinado a arquivo da sección civil. A situación é calificada como “indecente” polo persoal.

O propio persoal do xulgado resalta que é preciso un espazo que ofrezca anonimato e seguridade para as mulleres denunciante de violencia de xénero, “para evitar a súa exposición pública nos corredores do xulgado e para impedir que se poidan ver intimidadas polo seu agresor, dado que os trámites xudiciais realízanse en unión de acto -débese citar aos dous implicados- e existe o risco de que se crucen no edificio”.

Esta situación non é exclusiva deste xulgado, sendo algo esencial para loitar contra a violencia de xénero. O persoal do xulgado de Viveiro lembra que “a tramitación dunha denuncia pode levar tres ou catro horas, polo que é de sentido común que se habilite un espazo con mellores condicións de comodidade e salubridade”. Sentirse cómodas e seguras é esencial para que as vítimas de violencia de xénero non desistan da súa denuncia.

De resultas dunha xuntanza da Mesa Local contra a Violencia de Xénero na que se denunciou esta situación, as administracións presentes acordaron trasladar á Dirección Xeral de Igualdade o “habilitamento dun espazo digno” para as denunciante de violencia de xénero no xulgado de Viveiro.

Por todo as deputadas e deputados que subscriben formulan a seguintes pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Cando vai a Xunta habilitar un espazo digno para as denunciante de violencia de xénero no xulgado de Viveiro?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira





Marcos Cal Ogando

Paula Quinteiro Araujo

Flora Maria Miranda Pena

Deputadas e deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 07/05/2019 17:51:14

Luis Villares Naveira na data 07/05/2019 17:51:22

Marcos Cal Ogando na data 07/05/2019 17:51:29

Paula Quinteiro Araújo na data 07/05/2019 17:51:37

Flora María Miranda Pena na data 07/05/2019 17:51:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a redución dun Técnico de Emerxencias Sanitarias (TES) nas ambulancias de Soporte Vital Avanzado (SVA) da Mariña e Monforte.

O 29 de abril de 2019 fixéronse públicos os pregos de licitación do contrato do servizo de transporte sanitario urxente terrestre. Neles, prevese a redución da equipa humana que compón as ambulancias de Soporte Vital Avanzado (SVA) na Mariña e Monforte.

No concreto, os pregos prevén a redución dun dos Técnicos de Emerxencias Sanitarias (TES) para estas dúas comarcas o que constituirá unha merma da atención que recibirán as persoas usuarias do servizo, alén dun enorme agravio comparativo destas en relación a outras.

A decisión, que non foi comunicada nin negociada previamente, conta desde que se fixeron públicos os pregos co rexeitamento das e dos profesionais e das organizacións sindicais que, advirten, afecta de maneira gravosa a un servizo público que se activa, cómpre lembrar, cando a vida das persoas está en risco.

Sirva de exemplo das consecuencias da redución do número de TES a imposibilidade de que se cumbran cos protocolos deseñados e aprobados, por exemplo,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pera Incidentes con Múltiples Víctimas que prevé as funcións e tarefas que corresponden a calquera das profesionais que compoñen as equipas.

Así mesmo, que o recorte de persoal técnico nas ambulancias de SVA se circunscribe unicamente á Mariña e Monforte, supón unha nova agresión a dúas áreas comarcais (hoxe distritos) que se atopan infradotadas en canto a recursos e gravemente prexudicadas polas políticas que o Partido Popular vén desenvolvemento desde a Xunta de Galiza nos últimos dez anos.

Neste senso, cómpre lembrar que –no caso da Mariña-- actualmente conta cunha escasa dotación de Ambulancias Soporte Vital Básico, en total catro traballando 24 horas repartidas en Viveiro, Burela, Mondoñedo e Ribadeo; xunto cunha en Foz que desde 2011 só está operativa 12 horas, de dez da mañá a 10 da noite.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que se recorta o número de TES nas ambulancias de Soporte Vital Avanzado (SVA) na Mariña e Monforte?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Montserrat Prado Cores
Luis Bará Torres
Noa Presas Bergantiños





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 07/05/2019 18:36:30

María Montserrat Prado Cores na data 07/05/2019 18:36:36

Ana Pontón Mondelo na data 07/05/2019 18:36:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/05/2019 18:36:39

Noa Presas Bergantiños na data 07/05/2019 18:36:41

Xosé Luis Bará Torres na data 07/05/2019 18:36:42



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O xulgado sobre a muller de Viveiro carece dun espazo digno para darlles comodidade e anonimato ás mulleres maltratadas que deciden demandar aos seus agresores.

A sala na que agardan as vítimas de violencia de xénero da Mariña de Lugo, para denunciar aos seus agresores, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 2 de Viveiro, é un espazo reducido, con centos de arquivos acumulados, humidade, mobiliario escaso e vello, e que non ofrece intimidade e anonimato ás vítimas.

O 12 de abril deste ano tivo lugar a Mesa Local de Coordinación contra a violencia de xénero do Concello de Viveiro, e no punto de rogos e preguntas os representantes dos xulgados de Violencia sobre a Muller de Viveiro (xulgados de Primeira Instancia e Instrución número 2) presentaron un rogo á Mesa para solicitar da Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia a habilitación dun espazo digno como sala de espera para as mulleres maltratadas. Neste rogo presentado explícanse cales son as condicións na que se atopa a actual “ sala de espera” que non se considera adecuada para tal fin.

Cabe recordar que xa no Pleno do Concello de Viveiro do día 12 de febreiro de 2012 se acordara realizar os trámites necesarios para ceder unha serie de locais de titularidade municipal ao Xulgado de Viveiro. En consecuencia, este concello tramitou o expediente para ceder ao Xulgado de Viveiro o uso de diferentes locais don inmobile sito en Alonso Pérez, 50. Tras a tramitación do expediente correspondente, na sesión plenaria de data 4 de novembro de 2015, acordou a cesión de uso gratuíto a favor da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a ampliación dos xulgados de Viveiro, de diversos locais de titularidade municipal do inmobile sito no número 50 da rúa Alonso Pérez de Viveiro, cunha superficie total de 767,52 metros cadrados.

O dito acordo do 4 de novembro de 2015 foi remitido en decembro de 2015 á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a día de hoxe o Concello de Viveiro espera contestación da Xunta de Galicia para poder



formalizar a cesión. O Concello de Viveiro tramitou este expediente de cesión coa finalidade de que se poidan ampliar e mellorar as instalacións e servizos dos xulgados de Viveiro.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Cando ten pensado o Goberno galego habilitar no Xulgado de Violencia sobre a Muller de Viveiro un espazo digno como sala de espera para as mulleres maltratadas que comparecen no Xulgado, no que poder pasar as tres ou catro horas que adoitan durar os trámites nestas dependencias?

Pazo do Parlamento, 7 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 07/05/2019 18:54:43

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/05/2019 18:54:54

María Luisa Pierres López na data 07/05/2019 18:55:01

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/05/2019 18:55:08



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Unha vez máis os datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA), en canto ao número de persoas ocupadas na pesca, do primeiro trimestre do ano 2019 déixannos uns datos moi preocupantes.

En relación ao total, o número de persoas ocupadas reduciuse nun 20 % desde que goberna Feijóo, o que supón unha persoa ocupada menos de cada cinco que había no ano 2009.

Resulta especialmente preocupante no caso das mulleres, xa que no primeiro trimestre do ano 2018 había 3.800 mulleres ocupadas e ao remate do primeiro trimestre do ano 2019, unicamente quedaban 2.600 persoas ocupadas, o que supón unha perda dunha de cada tres mulleres.

Por iso as deputadas que asinan preguntan:

Vai levar a cabo o Goberno galego algún tipo de actuación para mellorar a igualdade de oportunidades das mulleres no sector da pesca, tal e como quedou establecido na a Primeira Conferencia Internacional das Mulleres da Pesca?

Pazo do Parlamento, 7 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 08/05/2019 16:46:03

Patricia Otero Rodríguez na data 08/05/2019 16:46:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

Na actualidade a loita contra o lume é unha das tarefas de maior responsabilidade e complicación na que teñen que colaborar todas as institucións galegas, especialmente a Xunta de Galiza pola súa capacidade económica e os concellos por seren o organismo máis achegado á cidadanía e mellor coñecedor do seu propio territorio así como responsábel dunha parte importante do dispositivo de prevención e extinción.

Se ben os concellos galegos teñen a responsabilidade de exercer as súas competencias en materia de prevención e extinción de incendios, é fundamental que para facelo teñan dispoñíbeis os medios adecuados, para o que a Xunta debe dotalos en aras das súas responsabilidades legais e máis aínda tendo en conta as limitacións orzamentarias e de gasto que teñen as entidades locais.

Por iso, resulta sorprendente que a Consellería de Medio Rural continúe negando ao concello da Rúa a cesión dunha motobomba para a loita contra os incendios malia o concello ter solicitado reiteradamente a continuidade do convenio de motobomba que se estendera durante 17 anos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O 26 de maio de 2018 o BNG acadaba por unanimidade un acordo na Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes. Porén, a día de hoxe continúa incumprido malia que no verán de 2018 a Xunta de Galiza seguiu adxudicando medios a diferentes concellos sen clarificar cales eran os seus criterios de distribución. Esta situación é de todo punto de vista inaceptábel e por estes motivos o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta esta iniciativa.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten pensado o goberno galego cumprir coa súa palabra e dotar o concello da Rúa dunha motobomba coas características solicitadas por esta administración local?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 08/05/2019 16:55:02

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2019 16:55:07

Ana Pontón Mondelo na data 08/05/2019 16:55:08

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/05/2019 16:55:09

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2019 16:55:10

Xosé Luis Bará Torres na data 08/05/2019 16:55:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

Galiza ten a responsabilidade de subministrar servizos básicos para a cidadanía, de entre os que salienta a sanidade tanto pola magnitude do seu ámbito como pola importancia no ben xeral da veciñanza. Neste sentido, cómpre recordar que ademais ten a responsabilidade de que a dotación de servizos garanta a non discriminación en función do lugar de residencia.

Porén, unha década de recortes e privatizacións por parte do Partido Popular ten danado profundamente o dereito a unha atención igualitaria. Máis aínda por mor das reformas acometidas sen consenso na Lei de Saúde de Galiza e polo deterioro da Atención Primaria. Estas consecuencias vense en todo o país, pero de forma importante nas comarcas do interior, como é o caso de Valdeorras.

Nos últimos meses esta comarca está a vivir unha crecente necesidade de rectificación por parte da Xunta de Galiza. Dunha banda cómpre salientar as deficiencias estruturais que se manteñen no Hospital Comarcal, no que a falta de persoal impide dar todos os servizos que debera, como demostra a constante crise na que se atopa o servizo de HADO ou as denuncias do propio persoal sanitario, sumado á gravidade da falsificación de partes de garda destapada no nadal e que a Xunta de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galiza desbotou investigar. Por outra banda, a situación dos Centros de Saúde é tamén delicada. Cómpre sinalar, a modo de exemplo, a denuncia semanal das e dos profesionais do centro da Rúa ou as recentes mobilizacións da poboación de Rubiá para manifestar a súa disconformidade e malestar coa negativa que mantén dende fai 6 meses o SERGAS a restituír a segunda praza de médico neste concello.

Fronte a este proceso de desmantelamento, a alternativa consiste en artellar unha política sanitaria centrada de verdade nos intereses da saúde da cidadanía, que conte cun financiamento suficiente e que garanta a asistencia universal. Neste sentido, a asistencia universal pasa por garantir a atención primaria na proximidade dos núcleos de poboación, non obrigando a prescindir progresivamente de servizos e ter que desprazarse a outros puntos, cuestión que desde logo desincentiva a fixación de poboación e constitúe un elemento máis que agrava a nosa crise demográfica.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cales son os motivos do goberno galego para non cubrir prazas de xubilación de persoal médico na atención primaria valdeorresa?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Montserrat Prado Cores
Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 08/05/2019 17:36:04

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2019 17:36:08

Ana Pontón Mondelo na data 08/05/2019 17:36:10

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/05/2019 17:36:11

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2019 17:36:12

Xosé Luis Bará Torres na data 08/05/2019 17:36:13



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do establecido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa contestación oral en Pleno**.

O 29 de abril de 2019 foron publicados os pregos das condicións técnicas do concurso público para a prestación do servizo de transporte sanitario urxente por parte da Fundación Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

Con respecto ás “equipas humanas”, os pregos (páxina 11) sinalan que: as ambulancias deberán dispor dun condutor en posesión do título de formación profesional de TES e outro/a en funcións de axudante, coa mesma titulación, como mínimo.

Deste requirimento, exceptúanse as ambulancias de Soporte Vital Avanzado de Foz, Monforte e do Salnés, que só deberán contar cun TES.

A correcta dotación en equipa humana das ambulancias permite a eficiencia na atención das urxencias extrahospitalarias. Eliminar un efectivo do persoal técnico recorta a capacidade para localizar a urxencia e chegar ata ela, e, polo tanto, engade un factor que eleva os tempos de actuación.

O distrito sanitario de Monforte de Lemos conta coas seguintes dotacións do 061: unha ambulancia de soporte vital básico en Monforte, que atende os concellos de Lemos, unha con base en Chantada, para a área de Saviñao, Chantada e Carballedo, e outra con base en Quiroga, que leva Quiroga, Ribas de Sil e O





Courel. É dicir: só hai tres ambulancias do 061 operativas en cada quenda para todo o sur de Lugo.

Ao haber só 3 ambulancias do 061 de soporte vital básico operativas en cada momento en toda a zona, con base en Quiroga, Chantada e Monforte, cando unha delas está nun servizo, envíase outra doutra base a atender outro servizo, se se precisa, co cal unha das zonas queda sen cobertura rápida, o que é especialmente acusado na zona de Taboada.

Era unha reivindicación esencial da cidadanía e dos e das técnicas do 061 do distrito sanitario de Monforte a necesidade dunha nova ambulancia asistencial para Monforte, de xeito que en cada quenda haxa catro ambulancias operativas, e dunha ambulancia medicalizada.

Finalmente, a Xunta anuncia a nova ambulancia medicalizada, pero só require para ela un/unha TES, a diferenza das ambulancias do resto do País.

A correcta dotación en equipa humana das ambulancias permite a eficiencia na atención das urxencias extrahospitalarias. Eliminar un efectivo do persoal técnico recorta a capacidade para localizar a urxencia e chegar ata ela, e, polo tanto, engade un factor que eleva os tempos de actuación.

Polo exposto, a deputada que subscribe presenta a seguinte Pregunta:

- Por que se burla a Xunta da cidadanía do sur de Lugo dotando a ambulancia medicalizada só cun/cunha técnico/a en emerxencias sanitarias?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 08/05/2019 17:27:02



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Galicia está a sufrir unha sangría demográfica, perdendo nos últimos dez anos máis de 97.000 habitantes, dos cales foron 2.421 no último ano. Ademais, se nos fixamos na poboación entre os 20 e 64 anos, nos últimos dez anos, perdemos 240.753 persoas.

Esta situación agrávase aínda máis nos concellos rurais, feito que ten varias causas, pero que podemos apuntar como as de maior peso o abandono de actividades económicas, fundamentalmente as agrícolas e gandeiras e a perda progresiva de servizos no mundo rural que impiden a moitas familias desenvolver con normalidade unha vida adaptada ás necesidades do século XXI.

O presidente da Xunta de Galicia no discurso de investidura correspondente a esta X Lexislatura manifestou que esta ía ser a “Lexislatura do Rural”, pero a realidade é que a falta de apoio por parte da Xunta de Galicia para incentivar ás familias para se asentaren no rural, a falta de apoio aos sectores produtivos para que permanezan e melloren a súa produtividade e a perda progresiva de servizos privados e públicos teñen agravado de xeito preocupante o despoboamento no rural.

A afirmación do presidente da Xunta non se corresponde coa baixa execución orzamentaria do exercicio 2018 en determinadas partidas correspondentes á Consellería do Medio Rural e que parecían destinadas a fixar poboación, así como a de mellorar e modernizar o tecido produtivo rural.

Así, se miramos a execución do Programa 55. Actuacións e valorización do Medio Rural, temos que a Xunta de Galicia deixa sen executar preto de 30 millóns de euros; e no programa 71. Dinamización económica do medio rural, deixa sen executar máis de 75 millóns de euros, o total non executado nestes dous programas ascende a máis de 100 millóns de euros nun só exercicio.

Por iso a deputada e os deputados que asinan preguntan:

Cales son as razóns polas que a Consellería do Medio Rural deixou sen executar máis de 100 millóns de euros nas partidas 55 e 71?



Pazo do Parlamento, 7 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/05/2019 17:34:08

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/05/2019 17:34:17

Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/05/2019 17:34:28

Raúl Fernández Fernández na data 08/05/2019 17:34:34



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

De acordo cos datos do Instituto Galego de Estatística, e en relación cos permisos de marisqueo, lonxe estamos dos 4.281 permisos cos que contaba Galicia no ano 2009, dos cales, os homes eran 394, e mulleres 3.887. Ao rematar o ano 2018 tan só quedaban 3.792 permisos totais, e aínda que os permisos para os homes se triplicaron, foron as mulleres as que sufriron a maior redución de permisos, pasando de 3.887 no ano 2009 a unicamente 2.722 no ano 2018.

Está claro que a política seguida pola Xunta en canto á xestión de permisos non está resultando produtiva, e as grandes prexudicadas desta falta de xestión son as mulleres.

Os plans de formación para os traballadores e traballadoras do mar constitúen un elemento fundamental para o avance e a mellora dun sector prioritario en Galicia pola súa relevancia social e económica. Dentro destes plans, os cursos de formación para a obtención do Permex son unha ferramenta que, máis alá do plano formativo, contribúe a regular e normalizar a profesión, a controlar os procesos e evolución medioambiental e de recursos, mellorar a calidade do traballo e contribuír á dinamización laboral baseada no sector do mar, en concreto ao marisqueiro.

Por iso o desenvolvemento de accións formativas para a obtención do Permex supón unha decisión con forte interese no sector. Como é natural a planificación e convocatoria dos cursos, así como o seu desenvolvemento, é necesario que sexa realizada con claridade e atendendo ás necesidades establecidas.

Polo exposto, as deputadas que asinan preguntan:

Vai levar a cabo o Goberno galego algún tipo de actuación para reverter esta caída de permisos de marisqueo?

Pazo do Parlamento, 8 de maio de 2019





Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 08/05/2019 16:46:59

Patricia Otero Rodríguez na data 08/05/2019 16:47:15



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A nosa Comunidade Autónoma contaba con 213.359 traballadores por conta propia en abril de 2018 e pasou a ter 210.643 autónomos/as en abril de 2019, perdéndose nun só ano 2716 autónomos. Isto tradúcese nun descenso do 1,3 %, colocando Galicia coma a Comunidade Autónoma que lidera a perda de traballadores por conta propia, en datos interanuais, segundo o informe elaborado pola ATA Galicia (Asociación de Traballadores Autónomos de Galicia).

En 12 meses en Galicia perdéronse:

- 1.461 autónomos no sector da Industria.
- 1.319 no Comercio.
- Na Agricultura 988.
- Construción con 333.
- Hostalería 284.

Desde 2014 na nosa Comunidade Autónoma non se pecha un ano en positivo no relativo á cifra de traballadores por conta propia. No que vai de 2019 perdéronse xa 643 autónomos, o que supón un 0,3 % menos, ao revés do que acontece a nivel nacional, no que aumenta un 0,4 % ata os 3,26 millóns de traballadores por conta propia.

En Galicia o emprego autónomo ten unha extraordinaria importancia e paradoxalmente a nosa Comunidade Autónoma lidera a perda de autónomos, por iso, segundo reclama ATA Galicia é necesario frear a continua perda de autónomos e urxe adoptar medidas co obxectivo de paliar este descenso no número de autónomos.



Nunha comunidade autónoma, como a nosa, con graves problemas demográficos, despoboamento, dispersión de poboación e tendencia á concentración na franxa atlántica, o arraigamento dos autónomos no territorio é estratéxico.

A Xunta de Galicia debe de comprometerse dun xeito real co papel do emprego autónomo na nosa economía, axudando á creación deste tipo de emprego, apoiando os inicios dos autónomos/as favorecendo a creación de novas empresas e tamén para que os emprendedores galegos poidan consolidar os seus proxectos, sobre todo aqueles que levan menos de 42 meses funcionando, que é cando máis se necesitan.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Que medidas ten pensado adoptar o Goberno galego para evitar a caída do número de traballadores por conta propia en Galicia?

Pazo do Parlamento, 8 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 08/05/2019 18:43:14

Noela Blanco Rodríguez na data 08/05/2019 18:43:23

Julio Torrado Quintela na data 08/05/2019 18:43:29



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O imposto sobre sucesións e doazóns é un tributo de natureza directa e subxectiva, cuxo feito imponible é gravar os incrementos de patrimonio que se producen, normalmente, como consecuencia de herdanzas e doazóns, así como os seguros de vida nos que o contratante sexa persoa distinta do beneficiario.

As características principais deste imposto son por unha banda o seu marcado carácter persoal e subxectivo, xa que ten en conta as circunstancias persoais do suxeito pasivo; por outra, favorece a transmisión de determinados bens como a vivenda habitual, empresas individuais, participacións en entidades ou bens integrantes do patrimonio histórico e por ser un imposto progresivo, xa que ademais de ter unha escala de gravame progresiva, posúe un coeficiente multiplicador en función do parentesco e do patrimonio preexistente do suxeito pasivo.

O feito imponible deste imposto constitúeno a adquisición de bens e dereitos por herdanza, legado ou calquera outro título sucesorio; a adquisición de bens e dereitos por doazón ou por calquera outro negocio xurídico a título gratuito e «inter vivos» e/ou a percepción de cantidades polos beneficiarios de contratos de seguro sobre a vida, cando o contratante sexa persoa distinta do beneficiario.

Na Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, no seu artigo 2 a Comunidade Autónoma de Galicia estableceu unha serie de beneficios fiscais para o imposto sobre sucesións e doazóns:

“Un. Modifícase a alínea Dous do artigo 6 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactada como segue:

«Dous. Redución por parentesco.

Nas adquisicións por causa de morte, incluídas as dos beneficiarios de pólizas de seguros de vida, por razón do parentesco co causante, aplicarase a redución que corresponda das incluídas nos seguintes grupos:



a) Grupo I: adquisicións por descendentes e adoptados menores de 21 anos, 1.000.000 de euros, máis 100.000 euros por cada ano menos de 21 que teña o habente causa, cun límite de 1.500.000 euros.

b) Grupo II: adquisicións por descendentes e adoptados de 21 anos ou máis e menores de 25, 900.000 euros, menos 100.000 euros por cada ano maior de 21 ata 24; de 25 anos ou máis, cónxuxes, ascendentes e adoptantes, 400.000 euros.

c) Grupo III: adquisicións por colaterais de segundo e terceiro grao e ascendentes e descendentes por afinidade, 8.000 euros.

d) Grupo IV: nas adquisicións por colaterais de cuarto grao, graos máis distantes e estraños, non haberá redución».

Dous. Modifícase o punto 1 da alínea Tres do artigo 7 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

«Tres. Redución por adquisición de vivenda habitual.

1. Cando na base imponible dunha adquisición mortis causa estea incluído o valor da vivenda habitual do causante, e a adquisición corresponda aos seus descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade, practícarase unha redución cun límite de 600.000 euros e aplicarase a porcentaxe de redución que corresponda en función do valor real total do inmovible:

Valor real do inmovible Porcentaxe de redución

Ata 150.000,00 euros 99 %

De 150.000,01 a 300.000,00 euros 97 %

Máis de 300.000,00 euros 95 %

Cando a adquisición corresponda ao cónxuxe, a redución será do 100 % do valor na base imponible, cun límite de 600.000 euros.

No caso do parente colateral, este deberá ser maior de 65 anos e será necesaria a convivencia co causante durante os dous anos anteriores ao falecemento.

Para os efectos previstos nesta alínea, entenderase que a última vivenda habitual na que se residiu non perde tal carácter cando o causante, por circunstancias físicas ou psíquicas, se trasládase para recibir coidados a un centro



especializado ou a vivir cos familiares incluídos no grupo de parentesco que dá dereito a obter a redución».

Tres. Modifícase o artigo 11 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

«Artigo 11. Deducións na cota tributaria

Nas adquisicións mortis causa por suxeitos pasivos incluídos no Grupo I do artigo 6.Dous do presente texto refundido, incluídas as cantidades percibidas polas persoas beneficiarias de seguros sobre a vida, practicarase unha dedución do 99 % do importe da cota»”.

A Consellería de Facenda anunciaba que con estas bonificacións, o 99 % dos galegos e das galegas non terían que pagar nin un euro por este tributo na herdanza dun familiar por vía directa e que a Comunidade galega converteríase na cuarta autonomía que menos ingresaría por este tributo.

Tres anos despois da aprobación desta lei, vemos que a recadación por este imposto se incrementou nun 22 % respecto ao recadado en 2015, chegando aos 196,5 millóns de euros, é dicir, 36 millóns máis.

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Cales son as causas polas que se ten incrementado a recadación deste imposto?

Pazo do Parlamento, 8 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/05/2019 18:58:52





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 49762
Data envío: 08/05/2019 19:00:44.366

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/05/2019 18:58:59

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGkzgrlMqL9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Adega vén de denunciar que o réxime de protección específico da Cova de Eirós, Ben de Interese Cultural, é claramente insuficiente, xa que non concreta as medidas que pensa adoptar. Non indica como se pensa protexer o macizo calcario na vertical da Cova; tampouco as restricións maiores para o uso de explosivos que se empregan na actividade mineira da contorna, algo particularmente grave na medida na que “os parámetros de control e monitorización das voaduras que ata agora rexeron” son “totalmente insuficientes para garantir a integridade e preservación integral do xacemento”. Desta maneira, a Xunta de Galicia deixa nas mans da empresa mineira que alí opera “as medidas de integración ambiental do BIC”.

O Goberno galego non pode alegar ignorancia para tentar xustificar semellante desleixo, pois fai tempo que coñece “a existencia de fendas de considerable envergadura e infiltracións moi activas que xa están a danar irreversiblemente as pinturas rupestres atopadas, como acontece na Sala do Mamut”. Foi a actividade mineira, que rebaixou o terreo levando a cota de explotación a 50 metros do teito da cova, a que provocou a escorrentía. Malia o acontecido, “a Xunta tampouco obriga a establecer medidas específicas de reparación do ámbito do BIC danado, nin tampouco a desenvolver un control máis rigoroso das condicións ambientais do interior da Cova, como pode ser a medición dos niveis de CO₂”.





A delimitación da área de protección integral tamén presenta importantes eivas. “No lado sur da ladeira do monte Penedo, esta fica a tan só 50 metros da zona de explotación mineira de Cementos Cosmos S. A.”, co risco de que a canteira poida continuar avanzando cara o xacemento. Nesta cuestión, a Consellería de Cultura fixo oídos xordos ao requirimento de Adegas, que solicitaba ampliar aos 200 metros a zona de protección do BIC máis próxima á canteira. Deste xeito, o Goberno galego optou por favorecer “os intereses lucrativos da mineira sobre a preservación do xacemento e desbotando nun futuro inmediato calquera acción destinada á rexeneración do estado natural da contorna máis próxima á cavidade”.

O comunicado de Adegas remata alertando de que na declaración definitiva do BIC non se recolle “a presenza doutras 10 covas aparecidas na área delimitada como BIC (...) que tamén se poderían ver afectadas pola actividade mineira”. Novamente, isto non sucede por descoñecemento, xa que “Adegas informou á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da súa existencia en maio de 2018, solicitando a súa inclusión e recoñecemento na declaración do BIC debido ao seu potencial interese patrimonial”.

Así as cousas, non é escusable de ningún xeito a negligencia do Goberno galego, que debería emendar de inmediato as carencias evidentes no réxime de protección específico da Cova de Eirós.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:





- Por que a Xunta de Galicia decidiu non adoptar as medidas que foron propostas por Adegas para protexer a Cova de Eirós?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 09/05/2019 12:49:43

Luca Chao Pérez na data 09/05/2019 12:49:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente tense confirmado a intención de Naturgy de poñer fin ao funcionamento da central térmica de Meirama. O anuncio do peche de Meirama enmárcase na negativa de Naturgy a adaptar tecnoloxicamente a central é a crónica dunha morte anunciada e unha mala nova ao producirse sen ningún tipo de planificación ou opción de transición realista a un novo escenario enerxético e produtivo que non supoña un retroceso. Esta situación é froito da falta de planificación dos sucesivos gobernos centrais, mais tamén da propia Xunta de Galiza e do seu abandono das competencias que lle corresponden.

Cómpre recordar que hoxe as térmicas galegas funcionan con carbón importado e esta ten sido unha desculpa empregada polo goberno central para afondar nas consecuencias negativas deste modelo de explotación colonial combinado cunha política enerxética centralista ao excluír Galiza das políticas públicas arbitradas presuntamente para impulsar os territorios mineiros en reconversión. Se ben as zonas de Meirama e As Pontes non extraen carbón hoxe, si podemos dicir que son comarcas xa que aínda pagan as consecuencias do fin da explotación dos minerais (despedimentos,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

impacto natural, na saúde da poboación, falta de adaptación a outras formas de produción etc).

A Directiva Europea de Emisións determina uns niveis de emisións contaminantes ao que han de adaptarse as térmicas para poder funcionar até 2045. Quen marca esas emisións e os límites é a Unión Europea, nin Galiza nin o Estado, o que reflexa a falta de soberanía do noso país. Esta Directiva non é nova e durante a última década asistimos a un desatendemento constante do Estado e da Xunta, que permitiron o incumprimento de límites de emisións e que en ningún momento promoveron ou negociaron medidas para que o aire que respiramos estea máis limpo.

Para que a transición a un novo modelo enerxético teña o menor impacto negativo posíbel é preciso acordar consensos de país para que Galiza non continúe perdendo.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en pleno:

Que actuacións propias vai levar a cabo o goberno galego diante da situación da central térmica de Meirama?

Santiago de Compostela, 09 de maio de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/05/2019 13:06:17

María Montserrat Prado Cores na data 09/05/2019 13:06:29

Ana Pontón Mondelo na data 09/05/2019 13:06:32

Xosé Luis Rivas Cruz na data 09/05/2019 13:06:34

Olalla Rodil Fernández na data 09/05/2019 13:06:36

Xosé Luis Bará Torres na data 09/05/2019 13:06:38



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

O deterioro na sanidade pública polos recortes orzamentarios e a política de privatizacións levada a cabo polo Goberno, está a ter consecuencias moi graves na propia prestación sanitaria, pero tamén nas condicións laborais do persoal.

Neste sentido, os hospitais comarcais son duramente castigados, a causa dun desmantelamento paulatino dos seus servizos tanto no ámbito material como no humano. Verín supón un claro exemplo desa situación, con deficiencias que condicionan unha atención axeitada.

Existen algunhas que son xa estruturais e que se repiten por todo o Servizo Galego de Saúde, tales como a falta de profesionais de enfermería, celadores ou auxiliares de enfermería, que no caso de Verín provocan que nas quendas de noite solo estean por unidade dúas enfermeiras e unha auxiliar e media. No caso dos celadores, soamente contan con un celador para todas as plantas e outro para urxencias na quenda de noite.

En relación as especialidades, pediatría supón un problema que como non se lle poña solución traerá graves consecuencias. Actualmente non existe hospitalización de pediatría, unicamente dispónse dun pediatra para os partos, un profesional que xa tivo que prorrogar ata tres veces a súa xubilación e que se ve obrigado a facer ata 28 gardas ao mes. Ademais, dito profesional traballa na





Atención Primaria, que queda desatendida cada vez que ten que desprazarse ao hospital.

Existen tamén problemas en relación a falta de anestesistas, unha cuestión que provoca que se teñan que adiar as intervencións ou que se teñan que derivar ao CHUO e á privada para poder atender á demanda.

Ademais, as deficiencias non tocan soamente ao persoal, existen deficiencias de material como os ecógrafos, xa que dos dous ecógrafos dos que dispoñen, un atópase avariado, afectando directamente ao servizo de xinecoloxía.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea pregunta:

- Cando ten pensado o Goberno solucionar estas deficiencias?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/05/2019 13:58:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de modificar o concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre que ven de facer público o 061.

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, dependente do Sergas, ven de facer público o concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre.

Ao coñecer os datos deste concurso volven saltar as alarmas, o malestar e a preocupación porque o transporte sanitario urxente é un servizo vital, e todo fai indicar que o Goberno galego segue a optar por un modelo de xestión que mercantiliza a saúde, significa recortes na prestación do servizo e as condicións laborais dos traballadores.

O BNG lamenta que de novo a maior puntuación para conceder o servizo sexan as ofertas económicas en lugar de melloras en vehículos, materiais e persoal destinadas a prestar unha mellor prestación.

O concurso público presentado non soluciona os problemas do servizo, non atende as demandas que se veñen realizando tanto pola cidadanía como d@s profesionais, non vai rematar cos déficits históricos que colapsan o servizo por falta de vehículos e equipos humanos suficientes, xa que neste novo concurso elimínanse recursos e dispositivos existentes e non se contemplan demandas de ampliación tanto en ambulancias medicalizadas (Valdeorras, Bergantiños, Baixo Miño...) nin básicas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se ben se contemplan dúas novas ambulancias medicalizadas (ASVA), unha para a comarca do Salnés e outra para Monforte, atopámonos con que reducen persoal, pasando de catro traballadores/as (dous técnicos/as, un médico/a e un enfermeiro/a) a tres (un técnico, un médico/ e un enfermeiro/a.

Outra das novidades é a creación dun híbrido entre a ambulancia medicalizada e a básica, de xeito que só vai estar dotada cun/cunha técnic@ e profesional de enfermería, e reducindo persoal, e polo tanto capacidade de actuación diante dunha emerxencia.

Ningunha destas medidas ten xustificación desde o punto de vista asistencial, só responde a criterios económicos de recorte.

Polas razóns expostas formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galiza que coas condicións contempladas no concurso que ven de facer público a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre se pode dar unha asistencia sanitaria de calidade?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/05/2019 17:08:44

Ana Pontón Mondelo na data 09/05/2019 17:08:49

Xosé Luis Rivas Cruz na data 09/05/2019 17:08:50

Olalla Rodil Fernández na data 09/05/2019 17:08:52

Noa Presas Bergantiños na data 09/05/2019 17:08:53

Xosé Luis Bará Torres na data 09/05/2019 17:08:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

A Escola de Cantería depende da Deputación de Pontevedra e tivo sempre a súa sede no concello de Poio. Nunha primeira época as instalacións estiveron no mosteiro de Poio e actualmente están situadas na Caeira. Trátase dun centro de formación con 40 anos de historia, que entronca coa tradición do traballo artesanal coa pedra da área de Pontevedra e que se vencella ao inxente patrimonio artístico e arquitectónico galego.

A Escola de Cantería creouse en 1979 coa intención de poñer en valor o oficio, formar profesionalmente o alumnado e proporcionarlle unha saída laboral para darlle continuidade á tradición ao tempo que se actualiza e renova a práctica profesional. O centro imparte 5 anos de estudos e comprende dous niveis de formación con dúas titulacións: a de canteiro/a con tres anos de formación; e a de mestre/a canteiro, con dous máis. Cada curso supón unhas 996 horas lectivas coa impartición de 9 materias: Cantería de restauración de pedra; Escultura en pedra; Modelado en barro e baleirado; Construción; Debuxo lineal; Debuxo artístico; e Historia da arte.

Máis de 1.600 alumnos/as formáronse na Escola ao longo da súa historia. Nos mellores tempos chegou a ter uns 70 alumnos/as, mentres que na actualidade a matrícula viuse reducida a 12. Este descenso da matrícula ten que ver coa falta de recoñecemento





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

académico duns estudos moi cualificados mais que non contan con recoñecemento oficial. Nin sequera é recoñecido polo Servizo Galego de Emprego.

Atopámonos pois diante dunha situación contraditoria: temos unha escola e uns profesionais con moito prestixio, con unha ampla experiencia de traballos realizados para todo o mundo, con alumnado que traballou en edificios tan emblemáticos como a Catedral de Santiago, A Sagrada Familia, o Big Ben ou o Capitolio. Recentemente, numerosos medios de comunicación fixéronse eco do ofrecemento da asociación de canteiros de Poio para colaborar nos traballos de restauración de Notre Dame.

Para intentar poñerlle solución a esta situación, o Pleno da Deputación de Pontevedra aprobou o pasado mes de marzo unha iniciativa promovida pola asociación Homologar Canteiros Poio. O obxectivo desta proposta era instar á Xunta de Galiza a levar a cabo as iniciativas necesarias para a homologación dos estudos, tanto no caso das novas persoas tituladas como no de ex-alumnos e alumnas.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que xestións está a facer a Xunta de Galiza para conseguir a homologación dos estudos da Escola de Cantería e para crear os correspondentes títulos académicos de ciclo medio e ciclo superior de FP?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 09/05/2019 17:36:58

María Montserrat Prado Cores na data 09/05/2019 17:37:04

Ana Pontón Mondelo na data 09/05/2019 17:37:05

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/05/2019 17:37:06

Olalla Rodil Fernández na data 09/05/2019 17:37:08

Noa Presas Bergantiños na data 09/05/2019 17:37:09



Á Mesa do Parlamento

Marta Novoa Iglesias, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Diego Calvo Pouso, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Por todos é coñecida a aposta da Xunta de Galicia e, en concreto da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, pola mellora da seguridade viaria das estradas da nosa Comunidade, ademais de dotala das novas infraestruturas necesarias para mellorar as conexións, tanto dos nosos pobos, como das nosas áreas industriais.

Neste caso é importante destacar as melloras nas estradas da Xunta na cidade de Ourense, obras como a mellora da Avenida Otero Pedrayo, rematada xa no mes de marzo, que contou cun investimento de máis de 2 M€, que incide na mellora da seguridade viaria desta importante vía de entrada á cidade de Ourense. As obras nesta estrada, favorecerán os desprazamentos cara ao campus universitario e cara a outros barrios, así como o desenvolvemento económico e social de Ourense e contribuirá a 'facen cidade'.

Outra importante obra de mellora de vías existentes son as obras na OU-105 ao seu paso polo núcleo de Seixalbo, cun presuposto de 847.000€, que estará rematadas nos próximos meses, que actúan nun tramo de 1,5 km e que supón a reordenación do tráfico, co obxectivo de asegurar unha convivencia entre os usuarios da estrada, ciclistas e peóns, xa que por esta vía transcorre o Camiño de Santiago.

No programa electoral co que o Partido Popular acadou o apoio maioritario da cidadanía galega en setembro de 2016, fixébase como unha prioridade da política de infraestruturas a de *"Impulsar obras de mellora da mobilidade metropolitana"*.

A ese respecto citábanse varios exemplos de actuacións necesarias, como a variante de Aradas, en Santiago de Compostela, posta en servizo en febreiro de 2019; ou a variante de Alba, en Pontevedra, cuxo proxecto técnico xa foi licitado.

Na provincia de Ourense, está xa en marcha a importante conexión do polígono de San Cibrao das Viñas, a zona industrial máis grande de Ourense, coa autovía A-52, 4,5 km e 21 M€ de presuposto. Unha infraestrutura ambiciosa e estratéxica para a comarca de Ourense, permitindo a conexión da zona industrial coa autovía A-52 cun 60% menos de



percorrido, mellorando a seguridade viaria e, por suposto, a competitividade das empresas de Ourense.

Outra das infraestruturas recollidas no programa electoral do Partido popular de Galicia para a provincia de Ourense era “a circunvalación este de Ourense entre Bemposta e a N-525”.

Esta infraestrutura pendente, de 1,5 km, suporía a conexión da zona de Bemposta coa N-525, neste último tramo, e suporía a conexión directa da OU-536 coa A-52, permitindo o alivio do tráfico nos accesos ao polígono industrial de San Cibrao das Viñas, unindo así os concellos de Pereiro de Aguiar, Ourense e o de San Cibrao das Viñas.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

-Que previsións manexa a Xunta de Galicia para o impulso e desenvolvemento da circunvalación este de Ourense entre Bemposta e a N-525 ao seu paso por San Cibrao das Viñas?

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Marta Novoa Iglesias na data 03/05/2019 12:18:32

Martín Fernández Prado na data 03/05/2019 12:18:44

Jaime Castiñeira Broz na data 03/05/2019 12:18:58

Jacobo Moreira Ferro na data 03/05/2019 12:19:05

Diego Calvo Pouso na data 03/05/2019 12:19:17

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



María Julia Rodriguez Barreira na data 03/05/2019 12:19:27

Gonzalo Trenor López na data 03/05/2019 12:19:56

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 03/05/2019 12:20:05

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A cuestión do furtivismo resulta de claro e relevante interese para os socialistas, por iso temos achegado á comisión de pesca e marisqueo, varias propostas e preguntas sobre esta cuestión. A nosa posición, fronte ao maior inimigo da actividade marisqueira das nosas costas, é nítida, de defensa da legalidade, a produción e a calidade do traballo dos profesionais do mar.

Unha zona afectada gravemente é a Reserva Mariña dos Miñarzos (Lira), de feito, así se puxo de manifesto recentemente, a raíz do debate no Parlamento de Galicia, sobre a concesión discrecional de indulto para Manuel Antonio Martínez Lustres, en relación á pena que se lle impuxo.

As persoas que traballan nesa zona, ven con indefensión como os furtivos, nese caso un grupo de persoas coñecidas na zona, actúan libremente. A veciñanza vive atemorizada ante estas persoas que actúan de xeito reiterado, e co temor de que se volvan a producir incidentes graves.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista temos proposto na Comisión de Pesca e Marisqueo cuestións como:

- a) axilizar os pagos ás confrarías que permiten contratar vixilancia, para reforzar esta;
- b) afondar nas políticas de sancións aos infractores e tamén á rede de beneficiarios do furtivismo;
- c) defender o valor das campañas de concienciación sobre o negativo do consumo de produtos que proceden do furtivismo.

Pero sempre que estas propostas foron presentadas polo PSdeG, atopámonos a un PP e á Xunta de Galicia, votando en contra, co argumento de que non cabía formular esas cuestións porque, ou ben non había problemas nesa cuestión específicas ou ben xa se está traballando nelas.

Sería, polo tanto, hoxe un bo momento para reflexionar sobre estas cuestión e celebraríamos que o PP se fose achegando de maneira clara ás posicións que os



Socialistas vimos defendendo, evitaríanse situacións como a acontecida na Reserva Mariña dos Miñarzos.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Coñece a Goberno galego a situación de furtivismo activo na Reserva Mariña dos Miñarzos (Lira)?

2ª) Que actuacións concretas contra o furtivismo levou a cabo o Goberno galego na Reserva Mariña dos Miñarzos (Lira) no cinco últimos anos?

3ª) Vai levar a cabo o Goberno galego algún tipo de medida para evitar os continuos conflitos que xorden na Reserva Mariña dos Miñarzos (Lira) como consecuencia da liberdade coa que actúan os furtivos? Se for o caso, cando?

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 03/05/2019 13:49:15

Patricia Otero Rodríguez na data 03/05/2019 13:49:27



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

O artigo 30 do Estatuto de autonomía de Galicia establece que a Comunidade Autónoma de Galicia ten a competencia exclusiva sobre o fomento e a planificación da actividade económica de Galicia.

En virtude desta competencia, a Consellería de Economía, Emprego e Industria puxo en funcionamento no ano 2016 a oficina *Doing Business* Galicia.

O 10 de outubro de 2017, A Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) asinaron un protocolo de actuación para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “*Concellos Doing Business Galicia*”.

O Protocolo pon unha serie de deberes aos concellos que consisten na axilización e simplificación administrativa dos trámites municipais, modificacións do réxime xurídico do concello e modificacións do réxime fiscal; así como o establecemento de prezos competitivos nas parcelas de solo empresarial.

E na cláusula terceira do documento recóllense os compromisos da Xunta de Galicia:

“Os concellos que se acollan á iniciativa “Doing Business Galicia” veranse beneficiados das diferentes medidas que vai promover a Xunta de Galicia coa finalidade de alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. En concreto:

1. A Xunta de Galicia establecerá unha discriminación positiva a favor de aqueles concellos solicitantes de subvencións destinadas a investimentos e gastos nos eidos industrial, do emprego e do emprendemento, cando as mesmas sexan convocadas en réxime de concorrencia competitiva por calquera consellería ou entidade pertencente ao sector público autonómico de Galicia, mediante a regulación nas bases da convocatoria dun criterio específico neste sentido no que o baremo de puntuación supoña, cando menos, o 20 por 100, do total.



2. *Os concellos adheridos a este protocolo poderán integrar o solo industrial da súa titularidade no Observatorio de Solo Empresarial creado pola Xunta de Galicia co fin de centralizar a información relativa á oferta de inmobles empresariais (naves, parcelas, oficinas, viveiros de empresas...), e ofrecer ás empresas e emprendedores unha localización en Galicia para o desenvolvemento da súa actividade.*

3. *Creación dunha marca territorial, asociada á Oficina Doing Business, como plataforma de colaboración para reducir as cargas administrativas ás empresas e que funcione a modo de xanela única. Os adheridos ao protocolo adquirirán, a condición de “Concello Doing Bussines Galicia”, o que suporá un reforzo do posicionamento global do concello con respecto aos non integrados nesta marca territorial, e identificarán os activos tanxibles e intanxibles que posúe Galicia en xeral, e os seus diferentes municipios en particular, e que lles garanten diferenciarse doutros territorios.”*

Pasado máis de 18 meses deSde a sinatura deste protocolo, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª. Cal foi a actividade do Observatorio de Solo Empresarial creado pola Xunta de Galicia?

2ª. Cal foi a avaliación das necesidades do sector elaborada polo Observatorio de Solo Empresarial de Galicia?

3ª. Cales son as proposta de actuación nos distintos parques empresariais de Galicia elaboradas polo Observatorio de Solo Empresarial de Galicia?

4ª. Onde están publicados os informes periódicos que ten que elaborar o Observatorio de Solo Empresarial de Galicia?

5ª. Os 121 concellos que aparecen na páxina *Web* da Consellería de Economía, Emprego e Industria como concellos emprendedores contan coa condición “Concello Doing Bussines Galicia”?

6ª. Cál foi a actividade da marca territorial, asociada á *Oficina Doing Business*, que se propoñía como plataforma de colaboración para reducir as cargas administrativas ás empresas funcionando a modo de xanela única?

Pazo do Parlamento, 6 de maio de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2019 17:13:21
Nº Rexistro: 49602
Data envío: 06/05/2019 17:13:21.072

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/05/2019 17:08:39

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/05/2019 17:08:46

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGkzgrlMqL9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a construción do parque eólico Sasdónigas, no Concello de Mondoñedo

O Consello da Xunta aprobou en xaneiro de 2012 a construción do parque eólico Sasdónigas, un proxecto dividido en dúas fases que abrangue terreos nos concellos de Mondoñedo e Abadín.

O proxecto, declarado de incidencia supramunicipal, foi modificado no ano 2018 para reducir o número de aeroxeradores nel previstos pasando de 11 a 5. Actualmente, e de acordo coa documentación presentada pola empresa explotadora do parque, NORVENTO S.L, o proxecto conta con licencia urbanística, ora ben, suxeita ao cumprimento durante as obras de execución da totalidade dos condicionantes que lle foron requiridos polos sucesivos informes sectoriais.

Porén, desde que se iniciaron as obras de construción do parque, a veciñanza da parroquia das Sasdónigas, en Mondoñedo, denunciaron pública e mesmo xudicialmente os prexuízos que lles están a causar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dunha banda, a veciñanza denuncia que as obras se iniciaron sen ter asinados todos os contratos de compra e/ou aluguer das propiedades así como sen ter lugar os correspondentes pagamentos. Tamén critican que os traballos están a afectar o Camiño de Santiago Norte-Ruta da Costa así como humidais e restos arqueolóxicos que se atopan na zona.

A veciñanza das Sasdónigas, coa que puido reunirse o Grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, séntese desprotexida fronte a unha lexislación que está a primar os intereses económicos e empresariais arredor do parque eólico en prexuízo dos seus dereitos como propietarias/os das terras e da debida protección medioambiental, patrimonial e paisaxística.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Ten constancia a Xunta de Galiza das denuncias que a veciñanza da parroquia das Sasdónigas ten expresando perante a construción do parque eólico pola empresa Norvento S.L.?
- Que opinión lle merecen estas denuncias?
- Reuniuse o Goberno galego coa veciñanza?
- De non ser así, pensa facelo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Está a garantir a Xunta de Galiza a protección medioambiental e patrimonial (especialmente do Camiño de Santiago e os humedais)?

- Que medidas ten adoptado o Goberno galego, ou cales pensa adoptar, para garantir esa protección?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 07/05/2019 13:11:19

María Montserrat Prado Cores na data 07/05/2019 13:11:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 07/05/2019 13:11:26

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/05/2019 13:11:27

Noa Presas Bergantiños na data 07/05/2019 13:11:29

Xosé Luis Bará Torres na data 07/05/2019 13:11:30



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Marcos Cal Ogando, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**.

Os puntos de encontro familiar atópanse regulados no Decreto 96/2014, do 3 de xullo. Constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente, que ten por obxecto favorecer a relación entre as e os menores e as súas familias cando nunha situación de separación, divorcio, nulidade, tutela ou calquera outro suposto de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se vexa interrompido ou o seu cumprimento resulte difícil ou conflictivo.

Na actualidade a xestión dos Puntos de Encontro é diversa nas distintas localidades. Dende En Marea entendemos que é necesario fomentar que estes sexan de xestión directa pública, e é imprescindible que se garanta o acceso a estes servizos a toda a poboación. Na actualidade aínda estamos lonxe de conseguir un acceso equitativo, xa que nalgúns casos as persoas teñen que percorrer grandes distancias, especialmente no rural ou agardar quendas por mor da saturación dos servizos.

O lugar onde están situados non é sempre o máis axeitado. Así, por exemplo en Ourense, os colectivos feministas da cidade levan tempo denunciando que dende o seu traslado no ano 2013 ás instalacións da Casa da Xuventude este non é o emprazamento idóneo.





Así mesmo, tamén se denuncia que en ocasións se está producindo a revitimización das mulleres superviventes de violencia machista, tratando a intervención nestes casos como si se tratará simplemente de divorcios conflitivos, reproducindo e perpetuando estereotipos sobre estas mulleres e a violencia e deixando as crianzas en situacións de desamparo e risco.

A maiores, semella que non se está dando a coordinación necesaria coas distintas profesionais dos servizos sociais, sanitarios e educativos, que atenden as crianzas e familias que acoden ao punto de encontro.

Por todo o anterior exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Vai o Goberno galego realizar algunha auditoría sobre a situación do Punto de Encontro de Ourense por mor das denuncias realizadas recentemente?
2. Ten realizado algunha xestión para solucionar a situación do Punto de Encontro de Ourense? De ser así, cales?
3. Valora o goberno cambiar a ubicación do Punto de Encontro de Ourense?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2019.

Asdo: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Deputadas do G.P. de En Marea





Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 07/05/2019 14:41:31

Marcos Cal Ogando na data 07/05/2019 14:41:38



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

O Servizo Galego de Saúde está integrado por profesionais que teñen demostrado o seu compromiso coa organización, cos e coas pacientes e coa mellora continua do coñecemento e da práctica asistencial.

Estes e estas profesionais asumen a responsabilidade da mellora de formación continuada e implícanse, a través da súa participación, no desenvolvemento de comisións que dotan de calidade a práctica asistencial (comités de ética asistencial, de farmacia, de coidados paliativos, etc.)

Esta implicación trae consigo unha carga adicional na medida en que a organización sanitaria, o SERGAS, deposita nos propios profesionais practicamente todo o esforzo para o desenvolvemento do traballo que estas comisións conlevan: bloqueo de axendas, ausencia de substitucións, acumulo de traballo, realización de traballos e investigacións en tempo libre... Todo isto é o prezo que as e os profesionais asumen de modo unilateral co seu compromiso e implicación na mellora da prestación asistencial.

As compensacións son exiguas e mal proporcionadas: puntuación escasa nas avaliacións dos acordos de xestión e pouco máis.

Sen ir máis lonxe, o pasado sábado 27 de abril máis de cen profesionais médicas de atención primaria (125) investían o seu descanso en formarse en patoloxía





dixestiva. Fóra de horas de traballo. Sen remuneración adicional, sen compensación en termos laborais nin horarios.

Por cuestións coma esta, por este afán de mellora continua co esforzo e o compromiso como norma, o SERGAS mantén unha boa cualificación por parte de pacientes e persoas enfermas. Por ese mesmo motivo dispoñemos aínda dun bo sistema sanitario cunha óptima relación entre a calidade administrada e os recursos investidos.

Por ese motivo, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Como pensa a Consellería de Sanidade, en particular o Servizo Galego de Saúde, valorar o compromiso, dedicación, tempo e voluntariedade das súas profesionais na mellora continua da calidade asistencial, na formación, no coñecemento e na pervivencia de comisións específicas?
- 2.^a) Como pensa o SERGAS alixeirar a carga asistencial das profesionais que asumen estas funcións no seu tempo libre ou a costa de sobrecargar a súa xornada laboral?
- 3.^a) Cando pensa o SERGAS asumir as responsabilidades que lle corresponden?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 07/05/2019 17:40:55



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Marcos Cal Ogando, Paula Quinteiro Araujo e Flora María Miranda Pena, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**.

O xulgado de primeira instancia e instrución número 2 de Viveiro, que coñece de todos os asuntos relacionados coa violencia exercida contra a muller, padece, dende hai tempo, de determinadas eivas.

En primeiro lugar, coma noutros xulgados, existe unha acumulación de asuntos e atrasos que chegan aos 18 meses neste tipo de litixios. O persoal alertou de acumulación de asuntos sobre demandas de divorcio, separación ou medidas paternofiliais, uso do domicilio familiar, réxime de custodia e visitas e pensión de alimentos a menores, entre outros.

Por outra parte, o persoal vén de chamar a atención sobre a falta dun espazo digno que sirva de sala de espera para as mulleres que denuncian violencia de xénero.

Tal como ten que denunciado o persoal e publicado a prensa (<http://xornaldamariña.gal>), “entre mobiliario escaso, vello e sucio, nun espazo que ten problemas de humidade e reducido por mor dos centos de arquivos acumulados ao seu redor. Sen apenas intimidade, xa que os funcionarios entran e saen con frecuencia, todos os días, para buscar documentación sobre os casos máis recentes. Así é a sala na que agardan horas as vítimas de violencia de xénero no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 2 de Viveiro para denunciar os seus agresores”. Este espazo é o destinado a arquivo da sección civil. A situación é calificada como “indecente” polo persoal.





O propio persoal do xulgado resalta que é preciso un espazo que ofrezca anonimato e seguridade para as mulleres denunciante de violencia de xénero, “para evitar a súa exposición pública nos corredores do xulgado e para impedir que se poidan ver intimidadas polo seu agresor, dado que os trámites xudiciais realízanse en unión de acto -débase citar aos dous implicados- e existe o risco de que se crucen no edificio”.

Esta situación non é exclusiva deste xulgado, sendo algo esencial para loitar contra a violencia de xénero. O persoal do xulgado de Viveiro lembra que “a tramitación dunha denuncia pode levar tres ou catro horas, polo que é de sentido común que se habilite un espazo con mellores condicións de comodidade e salubridade”. Sentirse cómodas e seguras é esencial para que as vítimas de violencia de xénero non desistan da súa denuncia.

De resultas dunha xuntanza da Mesa Local contra a Violencia de Xénero na que se denunciou esta situación, as administracións presentes acordaron trasladar á Dirección Xeral de Igualdade o “habilitamento dun espazo digno” para as denunciante de violencia de xénero no xulgado de Viveiro.

Por todo as deputadas e deputados que subscriben formulan as seguintes preguntas á Xunta de Galicia:

1. Cando ten previsto a Xunta que se recupere o traballo xudicial atrasado en Viveiro?
2. Como vai reforzar o xulgado de Viveiro?
3. Vai dotar de maiores recursos persoais e materiais ao Xulgado de Instancia e Instrución de Viveiro, para desentullar os procedementos que afectan ás mulleres vítimas de violencia de xénero e a menores?





4. Danse estas mesmas circunstancias noutros xulgados con competencia en violencia exercida sobre a muller como o de Pontevedra ou outros? Diga cales e canto tempo de retraso acumulan.

5. Cando vai a Xunta habilitar un espazo digno para as denunciante de violencia de xénero no xulgado de Viveiro?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Marcos Cal Ogando

Paula Quinteiro Araujo

Flora Maria Miranda Pena

Deputadas e deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 07/05/2019 17:52:06

Luis Villares Naveira na data 07/05/2019 17:52:14

Marcos Cal Ogando na data 07/05/2019 17:52:21

Paula Quinteiro Araújo na data 07/05/2019 17:52:29

Flora María Miranda Pena na data 07/05/2019 17:52:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre a redución dun Técnico de Emerxencias Sanitarias (TES) nas ambulancias de Soporte Vital Avanzado (SVA) da Mariña e Monforte.

O 29 de abril de 2019 fixéronse públicos os pregos de licitación do contrato do servizo de transporte sanitario urxente terrestre. Neles, prevese a redución da equipa humana que compón as ambulancias de Soporte Vital Avanzado (SVA) na Mariña e Monforte.

No concreto, os pregos prevén a redución dun dos Técnicos de Emerxencias Sanitarias (TES) para estas dúas comarcas o que constituirá unha merma da atención que recibirán as persoas usuarias do servizo, alén dun enorme agravio comparativo destas en relación a outras.

A decisión, que non foi comunicada nin negociada previamente, conta desde que se fixeron públicos os pregos co rexeitamento das e dos profesionais e das organizacións sindicais que, advirten, afecta de maneira gravosa a un servizo público que se activa, cómpre lembrar, cando a vida das persoas está en risco.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sirva de exemplo das consecuencias da redución do número de TES a imposibilidade de que se cumpran cos protocolos deseñados e aprobados, por exemplo, para Incidentes con Múltiples Víctimas que prevé as funcións e tarefas que corresponden a calquera das profesionais que compoñen as equipas.

Así mesmo, que o recorte de persoal técnico nas ambulancias de SVA se circunscriba unicamente á Mariña e Monforte, supón unha nova agresión a dúas áreas comarcais (hoxe distritos) que se atopan infradotadas en canto a recursos e gravemente prexudicadas polas políticas que o Partido Popular vén desenvolvendo desde a Xunta de Galiza nos últimos dez anos.

Neste senso, cómpre lembrar que –no caso da Mariña-- actualmente conta cunha escasa dotación de Ambulancias Soporte Vital Básico, en total catro traballando 24 horas repartidas en Viveiro, Burela, Mondoñedo e Ribadeo; xunto cunha en Foz que desde 2011 só está operativa 12 horas, de dez da mañá a 10 da noite.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Por que se recorta o número de TES nas ambulancias de Soporte Vital Avanzado (SVA) na Mariña e Monforte?

- Pretende a Xunta de Galiza aplicar este recorte nun futuro a máis áreas sanitarias e comarcas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera o Goberno galego que cun único TES se garante a calidade asistencial que corresponde nun servizo de emerxencias?

- Cre que a redución dun TES se axusta á realidade poboacional e xeográfica galega?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 07/05/2019 18:35:54

María Montserrat Prado Cores na data 07/05/2019 18:35:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 07/05/2019 18:36:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/05/2019 18:36:01

Noa Presas Bergantiños na data 07/05/2019 18:36:03

Xosé Luis Bará Torres na data 07/05/2019 18:36:13



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

O xulgado sobre a muller de Viveiro carece dun espazo digno para darlles comodidade e anonimato ás mulleres maltratadas que deciden demandar aos seus agresores.

A sala na que agardan as vítimas de violencia de xénero da Mariña de Lugo, para denunciar aos seus agresores, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 2 de Viveiro, é un espazo reducido, con centos de arquivos acumulados, humidade, mobiliario escaso e vello, e que non ofrece intimidade e anonimato ás vítimas.

O 12 de abril deste ano tivo lugar a Mesa Local de Coordinación contra a violencia de xénero do Concello de Viveiro, e no punto de rogos e preguntas os representantes dos xulgados de Violencia sobre a Muller de Viveiro (xulgados de Primeira Instancia e Instrución número 2) presentaron un rogo á Mesa para solicitar da Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia a habilitación dun espazo digno como sala de espera para as mulleres maltratadas. Neste rogo presentado explícanse cales son as condicións na que se atopa a actual “ sala de espera” que non se considera adecuada para tal fin.

Cabe recordar que xa no Pleno do Concello de Viveiro do día 12 de febreiro de 2012 se acordara realizar os trámites necesarios para ceder unha serie de locais de titularidade municipal ao Xulgado de Viveiro. En consecuencia, este concello tramitou o expediente para ceder ao Xulgado de Viveiro o uso de diferentes locais don inmoible sito en Alonso Pérez, 50. Tras a tramitación do expediente correspondente, na sesión plenaria de data 4 de novembro de 2015, acordou a cesión de uso gratuíto a favor da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a ampliación dos xulgados de Viveiro, de diversos locais de titularidade municipal do inmoible sito no número 50 da rúa Alonso Pérez de Viveiro, cunha superficie total de 767,52 metros cadrados.

O dito acordo do 4 de novembro de 2015 foi remitido en decembro de 2015 á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a día de hoxe o Concello de Viveiro espera contestación da Xunta de Galicia para poder



formalizar a cesión. O Concello de Viveiro tramitou este expediente de cesión coa finalidade de que se poidan ampliar e mellorar as instalacións e servizos dos xulgados de Viveiro.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas

1ª. Ten pensado a Xunta de Galicia habilitar no Xulgado de Violencia sobre a Muller de Viveiro un espazo digno como sala de espera para as mulleres maltratadas que comparecen no dito xulgado, no que poder pasar as tres ou catro horas que adoitan durar os trámites nestas dependencias? De ser o caso, en que prazo?

2ª. Cal é o motivo de que a Xunta de Galicia non aceptase, a día de hoxe, a cesión de uso gratuíto realizada polo Concello de Viveiro, no Pleno do día 4 de novembro de 2015, a favor da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a ampliación dos xulgados de Viveiro, de diversos locais de titularidade municipal do inmovible sito no número 50 da rúa Alonso Pérez de Viveiro, cunha superficie total de 767,52 metros cadrados?

Pazo do Parlamento, 7 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 07/05/2019 18:53:41

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/05/2019 18:53:52

María Luisa Pierres López na data 07/05/2019 18:53:58

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/05/2019 18:54:07



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**, en relación aos recursos para o tratamento do alcoholismo dado os datos epidemiolóxicos publicados recentemente.

Segundo vén de publicar o Ministerio de Sanidade na enquisa de patróns de mortalidade (realizada en 2.016, publicada en 2.019) a taxa de defuncións por doenzas relacionadas co alcol en Galicia (corrixida por idade) é de 43.1 casos por 100.000 habitantes. Atópase moi por riba da taxa estatal, que se sitúa en 34.6.

Inclúense nesta listaxe de causas directas o cancro de esófago, o cancro de larinxe, os trastornos mentais derivados do alcol, a enfermidade hepática alcohólica (incluída cirrose), e outras relacionadas como o pseudoCushing, patoloxías neurolóxicas inducidas polo alcohol, pancreatite e miocardiopatías entre outras.

Falamos dun total de 2.083 mortes segundo esta enquisa, sendo unha problemática en aumento. Trátase da taxa máis elevada nos últimos sete anos, con especial relevancia na nosa contorna (143 delas por causas directas e 1940 por causas relacionadas).

Esta realidade, coñecida, requiriría dun enfoque específico. O consumo de alcol en Galicia implica non só un incremento de gasto sanitario polas patoloxías relacionadas, senón que redunda nunha peor saúde e calidade de vida nos galegos e galegas, ademais dun incremento en termos de sufrimento social.





En Galicia hai 2748 persoas diagnosticadas de trastorno por dependencia de substancias adictivas segundo datos da propia Consellería de Sanidade. Para a súa abordaxe son precisos recursos asistenciais tanto na Atención Primaria de Saúde como en recursos específicos. Fronte a isto, a Atención Primaria adoece dunha sobrecarga asistencial que limita a dispoñibilidade do tempo de consulta preciso para o diagnóstico e acompañamento das persoas con consumo prexudicial de alcol. Ademais, ante a necesidade de derivación a recursos específicos, en Galicia dispoñemos dunha rede escasa de dispositivos de estirpe diversa e mal estruturada: municipais, asociativos e propios do SERGAS. Isto limita as posibilidades de abordaxe exitosa dunha patoloxía que conleva un enorme sufrimento físico, familiar, emocional e social.

Por este motivo, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Cales son os recursos específicos do SERGAS para a abordaxe de problemáticas relacionadas ou derivadas dun excesivo consumo de alcol na poboación galega?
- 2.^a) Consideran suficientes estes recursos na abordaxe de tal grao significativo de mortalidade relacionada?
- 3.^a) Como explican estas diferenzas en mortalidade con respecto a outras comunidades?
- 4.^a) Como pensan que se poden mellorar estes indicadores?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 08/05/2019 13:45:09



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**.

A orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, regula a libranza de asistente persoal.

Así, dispón que **“a libranza de asistencia persoal está destinada a contribuír á cobertura dos gastos derivados da contratación dun/unha asistente/a persoal que facilite o acceso á educación e/ou ao traballo, así como promover unha maior autonomía no exercicio das actividades da vida diaria ás persoas en situación de gran dependencia”**.

Entre os requisitos, especificase que **“a actividade laboral deberá desenvolverse nun centro especial de emprego, nun centro ocupacional ou nunha empresa ordinaria, ou ben deberase acreditar traballar como autónomo”**.

Asemade, regula o seguinte:

“2. Respecto ao/á asistente/a persoal deberán acreditarse o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Ser maior de dezaoito e menor de 65 anos, no momento da sinatura do





contrato previsto.

b) Ter residencia legal en España.

c) Reunir as condicións de formación ou comprometerse a realizar a formación específica que se estableza para prestar os servizos derivados da asistencia persoal, nos termos establecidos pola normativa de acreditación para a prestación de servizos de atención á dependencia e promoción da autonomía persoal vixente na Comunidade Autónoma.

d) Reunir a condición de idoneidade para a prestación deste servizo, na cal se **terá en conta** a experiencia e a formación previa da persoa candidata, segundo a normativa de acreditación para a prestación de servizos de atención á dependencia e promoción da autonomía persoal vixente na Comunidade Autónoma.

e) No suposto en que, derivado da potestade de elección do/a asistente/a persoal, a relación entre a persoa beneficiaria e o/a asistente/a persoal derive dun contrato de prestación de servizos, esta última terá que acreditar o cumprimento das súas obrigas de afiliación, alta e cotización no correspondente réxime da Seguridade Social.

f) Cando a asistencia persoal se realice a través de empresa prestadora deste servizo, esta deberá contar coas autorizacións previstas na normativa vixente sobre o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos de atención a persoas en situación de dependencia.”

O Decreto 15/2010, unicamente indica sobre a formación de “asistente persoal” que “de forma transitoria, e ata que se regule especificamente o requisito de formación dos asistentes persoais e a forma da súa adquisición, entenderase cumprido este requisito por quen se atope prestando este tipo de servizo e así o acredite, mediante contrato, cunha antigüidade de, polo menos, seis meses.





Os asistentes persoais que non se atopen na situación anterior deberán formalizar o compromiso de realizar a formación que no seu momento se determine para o seu desenvolvemento.”

Así, existe unha situación de falta de desenvolvemento normativo no relativo á formación das e dos Asistentes Persoais.

Aínda así, persoas que teñen concedida a prestación recibiron requirimentos da Xunta nos que se lles indica que deben achegar documentación que acredite a “formación e capacitación” da persoa Asistente Persoal na atención a persoas en situación de dependencia. E estes requirimentos fanse baseando a petición no Decreto 15/2010. De non facelo, perderían a prestación.

A contratación da persoa Asistente Persoal pode realizarse a través de empresas, como as varias que dependen de COGAMI, ou pola vía da contratación dunha persoa como autónoma. Na realidade, a Xunta pon trabas para a contratación de persoas autónomas e mesmo non acepta contratacións a través doutras entidades que non sexan as empresas de COGAMI.

Se se contrata a través dunha empresa, os cartos transfíreos a Xunta a esta empresa, que presta o servizo, sen controlar cantos deses fondos reverten directamente no contrato laboral da persoa asistente persoal. Asemade, ao contratar vía empresa, non se garante a mesma persoa todos os días.

En canto á formación específica requirida ás persoas asistentes persoais, ás persoas contratadas como autónomas comezouse a pedir esta formación como un requisito, e non só téndoa en conta como mérito, como sinala na Orde que desenvolve o Decreto 15/2010. Mesmo atopamos un caso no que se retira a





prestación de AP se non se acredita formación específica, indicando que a formación específica sería o título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia.

Asemade, dende a propia Consellería indícase ás persoas que deben contratar a través de COGAMI, sinalando en comunicacións que a prestadora do servizo é COGAMI.

Por outra parte, as persoas afectadas tamén nos teñen relatado atrasos na concesión da prestación, tendo agardado ata 1 ano pola resolución.

As Comunidades Autónomas son competentes para “ordenar os servizos de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia e para facilitar a acreditación destes que garanta o cumprimento dos requisitos e estándares de calidade”.

Deste xeito, a Xunta publicou recentemente a Orde do 19 de novembro de 2018 pola cal “se regula o procedemento de obtención das habilitacións para profesionais pertencentes ás categorías de persoal coidador, xerocultor, auxiliar de axuda no fogar e asistente/a persoal nos centros e servizos sociais do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia”. En relación ás AP, sinala que “no caso dos/das asistentes/as persoais, as exixencias de cualificación profesional adaptaranse á regulación que se estableza polo Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, que se aprobe para ese efecto”. Polo tanto, aínda non hai consenso específico sobre a figura da prestación de Asistente Persoal.

Polo exposto, a deputada e deputado que subscriben, preguntan á Xunta:





- Por que se pon trabas á contratación de Asistentes Persoais mediante a figura de autónomo/a?

- Por que a Xunta indica, a través das Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social, que a prestadora do servizo de AP en Galicia é COGAMI, cando poden prestalo persoas autónomas ou outras empresas?

- Por que a Xunta cambia de criterio á hora de conceder ou retirar a prestación, convertendo o que era un mérito (formación específica) en requirimento?

- Vai a Xunta desenvolver de xeito pleno a prestación de Asistente Persoal para a Vida Independente, con horas suficientes?

- Ten previsto a Xunta avanzar nalgunha modalidade de prestación deste servizo a través da propia Administración?

- Como vai a Xunta cumprir coa Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, en relación a que o servizo de AP debe ser controlado polas propias persoas afectadas?

- Como é o procedemento, detallado, de pago e contratación da prestación de Asistente Persoal vía empresas de COGAMI?

- Cantas prestacións de Asistente Persoal hai neste momento en cada unha das provincias galegas e cal é a súa modalidade de contratación?

- Ten coñecemento a Xunta de que, no caso de persoas que teñen MUFACE se lles computa como ingreso a prestación de Asistente Persoal?



- Cal é a lista de agarda, por provincias, na prestación de Asistente Persoal?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 08/05/2019 14:20:47

Luis Villares Naveira na data 08/05/2019 14:20:57



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 4.^a**

Recentemente, o Concello de Chantada cubriu de cemento unha pista que dá acceso á igrexa de Belesar, rematando cun elemento tradicional como era un empedrado tradicional.

Dita pista arrinca dende un peto de ánimas, a carón do trazado do Camiño de Inverno, e dá acceso á igrexa de San Bartolomeu de Belesar.

Esta vía forma parte dunha ruta de sendeirismo, de Belesar aos Peares, que enlaza con outra ruta ata Portomarín.

O Alcalde de Chantada ten declarado que “a pista está quedando moi ben”. Sen embargo, unha simple revisión visual permite detectar que a plancha de cemento foi botada sen coidado algún, cubrindo por completo o empedrado, cun acabado deficiente nas beiras da pista.

Entendendo a necesidade de acondicionar a pista, era perfectamente posible facelo sen rematar co seu carácter de empedrado, mellorándoa sen facelo desaparecer.

Independentemente da antigüidade do empedrado, o camiño presentaba un aspecto tradicional, e sitúase a carón dun elemento singular do patrimonio etnolóxico, como é un peto de ánimas.





Así, o artigo 38 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia sinala que os contornos de protección subsidiarios dos bens incluídos no Catálogo do Patrimonio Cultural son de 20 m. no caso dos petos de ánimas.

O núcleo de Belesar, ademais, está incluído na paisaxe cultural da Ribeira Sacra.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Sabe a Dirección Xeral de Patrimonio da actuación de cementado acometida na pista de acceso á igrexa de Belesar?
- Parécelle á Xunta acaída e compatible dita actuación co respecto ao patrimonio etnográfico?
- Está o peto de ánimas de Belesar catalogado?
- Non considera a Xunta que o entorno de Belesar debe ser coidado no seu valor etnográfico?
- Considera a Xunta compatible esta actitude do Concello de Chantada coa Declaración BIC da Ribeira Sacra como paisaxe cultural?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Veroa

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:





Paula Vázquez Verao na data 08/05/2019 14:26:58



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Unha vez máis os datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA), en canto ao número de persoas ocupadas na pesca, do primeiro trimestre do ano 2019 déixannos uns datos moi preocupantes.

En relación ao total, o número de persoas ocupadas reduciuse nun 20 % desde que goberna Feijóo, o que supón unha persoa ocupada menos de cada cinco que había no ano 2009.

Resulta especialmente preocupante no caso das mulleres, xa que no primeiro trimestre do ano 2018 había 3.800 mulleres ocupadas e ao remate do primeiro trimestre do ano 2019, unicamente quedaban 2.600 persoas ocupadas, o que supón unha perda dunha de cada tres mulleres.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego da perda dun terzo de mulleres ocupadas no sector da pesca desde o ano 2009 ata a actualidade?

2ª) Vai levar a cabo o Goberno galego algún tipo de actuación para que o número de mulleres ocupadas no sector do mar recupere polo menos os valores que tiñan no ano 2009, en caso positivo, cales?

3ª) Vai levar a cabo o Goberno galego algún tipo de actuación para mellorar a igualdade de oportunidades das mulleres no sector da pesca, tal e como quedou establecido na a Primeira Conferencia Internacional das Mulleres da Pesca, se for o caso, cales?

Pazo do Parlamento, 7 de maio de 2019





Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 08/05/2019 16:44:33

Patricia Otero Rodríguez na data 08/05/2019 16:44:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

Na actualidade a loita contra o lume é unha das tarefas de maior responsabilidade e complicación na que teñen que colaborar todas as institucións galegas, especialmente a Xunta de Galiza pola súa capacidade económica e os concellos por seren o organismo máis achegado á cidadanía e mellor coñecedor do seu propio territorio así como responsábel dunha parte importante do dispositivo de prevención e extinción.

Se ben os concellos galegos teñen a responsabilidade de exercer as súas competencias en materia de prevención e extinción de incendios, é fundamental que para facelo teñan dispoñíbeis os medios adecuados, para o que a Xunta debe dotalos en aras das súas responsabilidades legais e máis aínda tendo en conta as limitacións orzamentarias e de gasto que teñen as entidades locais.

Por iso, resulta sorprendente que a Consellería de Medio Rural continúe negando ao concello da Rúa a cesión dunha motobomba para a loita contra os incendios malia o concello ter solicitado reiteradamente a continuidade do convenio de motobomba que se estendera durante 17 anos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O 26 de maio de 2018 o BNG acadaba por unanimidade un acordo na Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes. Porén, a día de hoxe continúa incumprido malia que no verán de 2018 a Xunta de Galiza seguiu adxudicando medios a diferentes concellos sen clarificar cales eran os seus criterios de distribución. Esta situación é de todo punto de vista inaceptábel e por estes motivos o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta esta iniciativa.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7.^a:

-Ten pensado o goberno galego cumprir coa súa palabra e dotar o concello da Rúa dunha motobomba coas características solicitadas por esta administración local?

-Considera o goberno galego que cumpre cos seus propios obxectivos nas actuacións levadas a cabo para a dotación de recursos do distrito XIII?

-Cales son as razóns do goberno galego para discriminar o concello da Rúa no reparto de medios para a loita contra o lume?

-Por que, malia ser un concello pertencente a un dos distritos con máis risco de incendio, o goberno galego non leva a cabo as actuacións precisas para reforzalo cunha motobomba?

-Considera o goberno galego que non é prioritario que o segundo concello máis poboado do distrito XIII dispoña dunha motobomba de reforzo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cales foron as motivacións para que o goberno galego inicialmente aducira que non habería vehículos motobomba para os concellos e que despois non se estenderan a aqueles que os demandaban?

-Que medidas vai adoptar o goberno galego para corrixir esta situación?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 08/05/2019 16:54:32

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2019 16:54:37

Ana Pontón Mondelo na data 08/05/2019 16:54:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/05/2019 16:54:39

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2019 16:54:42

Xosé Luis Bará Torres na data 08/05/2019 16:54:43



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

Galicia está a sufrir unha sangría demográfica, perdendo nos últimos dez anos máis de 97.000 habitantes, dos cales foron 2.421 no último ano. Ademais, se nos fixamos na poboación entre os 20 e 64 anos, nos últimos dez anos, perdemos 240.753 persoas.

Esta situación agrávase aínda máis nos concellos rurais, feito que ten varias causas, pero que podemos apuntar como as de maior peso o abandono de actividades económicas, fundamentalmente as agrícolas e gandeiras e a perda progresiva de servizos no mundo rural que impiden a moitas familias desenvolver con normalidade unha vida adaptada ás necesidades do século XXI.

O presidente da Xunta de Galicia no discurso de investidura correspondente a esta X Lexislatura manifestou que esta ía ser a “Lexislatura do Rural”, pero a realidade é que a falta de apoio por parte da Xunta de Galicia para incentivar ás familias para se asentaren no rural, a falta de apoio aos sectores produtivos para que permanezan e melloren a súa produtividade e a perda progresiva de servizos privados e públicos teñen agravado de xeito preocupante o despoboamento no rural.

A afirmación do presidente da Xunta non se corresponde coa baixa execución orzamentaria do exercicio 2018 en determinadas partidas correspondentes á Consellería do Medio Rural e que parecían destinadas a fixar poboación, así como a de mellorar e modernizar o tecido produtivo rural.

Así, se miramos a execución do Programa 55. Actuacións e valorización do Medio Rural, temos que a Xunta de Galicia deixa sen executar preto de 30 millóns de euros; e no programa 71. Dinamización económica do medio rural, deixa sen executar máis de 75 millóns de euros, o total non executado nestes dous programas ascende a máis de 100 millóns de euros nun só exercicio.

Por iso a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre o despoboamento galego?



2ª) Cales son as razóns polas que a Consellería do Medio Rural deixou sen executar máis de 100 millóns de euros nas partidas 55 e 71?

Pazo do Parlamento, 7 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/05/2019 17:32:45

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/05/2019 17:32:52

Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/05/2019 17:33:00

Raúl Fernández Fernández na data 08/05/2019 17:33:11



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Galicia está a sufrir unha sangría demográfica, perdendo nos últimos dez anos máis de 97.000 habitantes, dos cales foron 2.421 no último ano. Ademais, se nos fixamos na poboación entre os 20 e 64 anos, nos últimos dez anos, perdemos 240.753 persoas.

Esta situación agrávase aínda máis nos concellos rurais, feito que ten varias causas, pero que podemos apuntar como as de maior peso o abandono de actividades económicas, fundamentalmente as agrícolas e gandeiras e a perda progresiva de servizos no mundo rural que impiden a moitas familias desenvolver con normalidade unha vida adaptada ás necesidades do século XXI.

O presidente da Xunta de Galicia no discurso de investidura correspondente a esta X Lexislatura manifestou que esta ía ser a “Lexislatura do Rural”, pero a realidade é que a falta de apoio por parte da Xunta de Galicia para incentivar ás familias para se asentaren no rural, a falta de apoio aos sectores produtivos para que permanezan e melloren a súa produtividade e a perda progresiva de servizos privados e públicos teñen agravado de xeito preocupante o despoboamento no rural.

A afirmación do presidente da Xunta non se corresponde coa baixa execución orzamentaria do exercicio 2018 en determinadas partidas correspondentes á Consellería do Medio Rural e que parecían destinadas a fixar poboación, así como a de mellorar e modernizar o tecido produtivo rural.

Así, se miramos a execución do Programa 55. Actuacións e valorización do Medio Rural, temos que a Xunta de Galicia deixa sen executar preto de 30 millóns de euros; e no programa 71. Dinamización económica do medio rural, deixa sen executar máis de 75 millóns de euros, o total non executado nestes dous programas ascende a máis de 100 millóns de euros nun só exercicio.

Por iso a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre o despoboamento galego?



2ª) Cales son as razóns polas que a Consellería do Medio Rural deixou sen executar máis de 100 millóns de euros nas partidas 55 e 71?

Pazo do Parlamento, 7 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/05/2019 17:33:24

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/05/2019 17:33:30

Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/05/2019 17:33:37

Raúl Fernández Fernández na data 08/05/2019 17:33:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

Galiza ten a responsabilidade de subministrar servizos básicos para a cidadanía, de entre os que salienta a sanidade tanto pola magnitude do seu ámbito como pola importancia no ben xeral da veciñanza. Neste sentido, cómpre recordar que ademais ten a responsabilidade de que a dotación de servizos garanta a non discriminación en función do lugar de residencia.

Porén, unha década de recortes e privatizacións por parte do Partido Popular ten danado profundamente o dereito a unha atención igualitaria. Máis aínda por mor das reformas acometidas sen consenso na Lei de Saúde de Galiza e polo deterioro da Atención Primaria. Estas consecuencias vense en todo o país, pero de forma importante nas comarcas do interior, como é o caso de Valdeorras.

Nos últimos meses esta comarca está a vivir unha crecente necesidade de rectificación por parte da Xunta de Galiza. Dunha banda cómpre salientar as deficiencias estruturais que se manteñen no Hospital Comarcal, no que a falta de persoal impide dar todos os servizos que debera, como demostra a constante crise na que se atopa o servizo de HADO ou as denuncias do propio persoal sanitario, sumado á gravidade da falsificación de partes de garda destapada no nadal e que a Xunta de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galiza desbotou investigar. Por outra banda, a situación dos Centros de Saúde é tamén delicada. Cómpre sinalar, a modo de exemplo, a denuncia semanal das e dos profesionais do centro da Rúa ou as recentes mobilizacións da poboación de Rubiá para manifestar a súa disconformidade e malestar coa negativa que mantén dende fai 6 meses o SERGAS a restituír a segunda praza de médico neste concello.

Fronte a este proceso de desmantelamento, a alternativa consiste en artellar unha política sanitaria centrada de verdade nos intereses da saúde da cidadanía, que conte cun financiamento suficiente e que garanta a asistencia universal. Neste sentido, a asistencia universal pasa por garantir a atención primaria na proximidade dos núcleos de poboación, non obrigando a prescindir progresivamente de servizos e ter que desprazarse a outros puntos, cuestión que desde logo desincentiva a fixación de poboación e constitúe un elemento máis que agrava a nosa crise demográfica.

Por todo isto formúlanse ase seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

Ten coñecemento o goberno galego da situación do centro de saúde de Rubiá?
Como a valora?

Ten coñecemento o goberno galego da situación do centro de saúde da Rúa?
Como a valora?

Cales son os motivos do goberno galego para non cubrir prazas de xubilación de persoal médico na atención primaria valdeorresa?

Considera o goberno galego que é suficiente o horario de atención ao público e o número de profesionais destes centros?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como valora a situación de deficiencia de servizos e persoal do Hospital Comarcal? Que vai facer para solventala?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 08/05/2019 17:35:33

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2019 17:35:37

Ana Pontón Mondelo na data 08/05/2019 17:35:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/05/2019 17:35:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2019 17:35:41

Xosé Luis Bará Torres na data 08/05/2019 17:35:42



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández e Luís Villares Naveira, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do establecido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa contestación oral na Comisión 5ª.**

O 29 de abril de 2019 foron publicados os pregos das condicións técnicas do concurso público para a prestación do servizo de transporte sanitario urxente por parte da Fundación Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

Con respecto ás “equipas humanas”, os pregos (páxina 11) sinalan que: as ambulancias deberán dispor dun condutor en posesión do título de formación profesional de TES e outro/a en funcións de axudante, coa mesma titulación, como mínimo.

Deste requirimento, exceptúanse as ambulancias de Soporte Vital Avanzado de Foz, Monforte e do Salnés, que só deberán contar cun TES.

A correcta dotación en equipa humana das ambulancias permite a eficiencia na atención das urxencias extrahospitalarias. Eliminar un efectivo do persoal técnico recorta a capacidade para localizar a urxencia e chegar ata ela, e, polo tanto, engade un factor que eleva os tempos de actuación.

No caso de Foz, isto supón un recorte no actual servizo, cunha ambulancia medicalizada que conta en cada quenda con dous TES, médico e DUE.





Por outra parte, dende 2011 o horario da ambulancia asistencial con base en Foz recortouse ás 12 h, en lugar de ser de 24 h, o que converte esta zona nunha das de menor dotación de ambulancias de soporte vital básico.

Polo exposto, as deputadas que subscriben preguntan á Xunta:

- Por que se recorta no servizo de ambulancia medicalizada en Foz?
- Por que a Xunta trata como cidadanía de segunda á poboación da Mariña, no que ten que ver con transporte sanitario urxente?
- Vai a Xunta rectificar a súa política de recortes no transporte sanitario urxente de Foz?
- Se vai haber un aumento do orzamento do transporte sanitario urxente para a Mariña nos vindeiros anos, por que se recorta en persoal?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Veroa

Eva Solla Fernández

Luís Villares Naveira

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Veroa na data 08/05/2019 17:33:09





Eva Solla Fernández na data 08/05/2019 17:33:16

Luis Villares Naveira na data 08/05/2019 17:33:26



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do establecido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa contestación oral na Comisión 5ª**

O 29 de abril de 2019 foron publicados os pregos das condicións técnicas do concurso público para a prestación do servizo de transporte sanitario urxente por parte da Fundación Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

Con respecto ás “equipas humanas”, os pregos (páxina 11) sinalan que: as ambulancias deberán dispor dun condutor en posesión do título de formación profesional de TES e outro/a en funcións de axudante, coa mesma titulación, como mínimo.

Deste requirimento, exceptúanse as ambulancias de Soporte Vital Avanzado de Foz, Monforte e do Salnés, que só deberán contar cun TES.

A correcta dotación en equipa humana das ambulancias permite a eficiencia na atención das urxencias extrahospitalarias. Eliminar un efectivo do persoal técnico recorta a capacidade para localizar a urxencia e chegar ata ela, e, polo tanto, engade un factor que eleva os tempos de actuación.

O distrito sanitario de Monforte de Lemos conta coas seguintes dotacións do 061: unha ambulancia de soporte vital básico en Monforte, que atende os concellos de Lemos, unha con base en Chantada, para a área de Saviñao, Chantada e Carballedo, e outra con base en Quiroga, que leva Quiroga, Ribas de Sil e O





Courel. É dicir: só hai tres ambulancias do 061 operativas en cada quenda para todo o sur de Lugo.

Ao haber só 3 ambulancias do 061 de soporte vital básico operativas en cada momento en toda a zona, con base en Quiroga, Chantada e Monforte, cando unha delas está nun servizo, envíase outra doutra base a atender outro servizo, se se precisa, co cal unha das zonas queda sen cobertura rápida, o que é especialmente acusado na zona de Taboada.

Era unha reivindicación esencial da cidadanía e dos e das técnicas do 061 do distrito sanitario de Monforte a necesidade dunha nova ambulancia asistencial para Monforte, de xeito que en cada quenda haxa catro ambulancias operativas, e dunha ambulancia medicalizada.

Finalmente, a Xunta anuncia a nova ambulancia medicalizada, pero só require para ela un/unha TES, a diferenza das ambulancias do resto do País.

A correcta dotación en equipa humana das ambulancias permite a eficiencia na atención das urxencias extrahospitalarias. Eliminar un efectivo do persoal técnico recorta a capacidade para localizar a urxencia e chegar ata ela, e, polo tanto, engade un factor que eleva os tempos de actuación.

Polo exposto, a Deputada que subscribe pregunta á Xunta:

- Por que se burla a Xunta da cidadanía do sur de Lugo dotando a ambulancia medicalizada só cun/cunha técnico/a en emerxencias sanitarias?
- Vai a Xunta rectificar e modificar o concurso público do servizo de transporte sanitario urxente e incluír no servizo de ambulancia medicalizada de Monforte dous/dúas técnicos/as de emerxencias sanitarias, ademais de médico/a e enfermeiro/a?





- escoita a Xunta as reivindicacións do persoal das ambulancias do 061 do distrito de Monforte? Coñece os problemas do servizo?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 08/05/2019 17:28:59



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

De acordo cos datos do Instituto Galego de Estatística, e en relación cos permisos de marisqueo, lonxe estamos dos 4.281 permisos cos que contaba Galicia no ano 2009, dos cales, os homes eran 394, e mulleres 3.887. Ao rematar o ano 2018 tan só quedaban 3.792 permisos totais, e aínda que os permisos para os homes se triplicaron, foron as mulleres as que sufriron a maior redución de permisos, pasando de 3.887 no ano 2009 a unicamente 2.722 no ano 2018.

Está claro que a política seguida pola Xunta en canto á xestión de permisos non está resultando produtiva, e as grandes prexudicadas desta falta de xestión son as mulleres.

Os plans de formación para os traballadores e traballadoras do mar constitúen un elemento fundamental para o avance e a mellora dun sector prioritario en Galicia pola súa relevancia social e económica. Dentro destes plans, os cursos de formación para a obtención do Permex son unha ferramenta que, máis alá do plano formativo, contribúe a regular e normalizar a profesión, a controlar os procesos e evolución medioambiental e de recursos, mellorar a calidade do traballo e contribuír á dinamización laboral baseada no sector do mar, en concreto ao marisqueiro.

Por iso o desenvolvemento de accións formativas para a obtención do Permex supón unha decisión con forte interese no sector. Como é natural a planificación e convocatoria dos cursos, así como o seu desenvolvemento, é necesario que sexa realizada con claridade e atendendo ás necesidades establecidas.

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Que valoración fai o Goberno galego da caída de permisos de marisqueo para o caso das mulleres nos últimos anos?
- 2ª) Vai levar a cabo algún tipo de actuación o Goberno galego para reverter esta caída de permisos de marisqueo? En caso positivo, cales?



3ª) Considera o Goberno galego necesario realizar cursos de formación para a obtención do Permex?

4ª) Vai levar a cabo algún tipo de formación no ano 2019?

5ª) Cantos e cales cursos de formación para a obtención do PERMEX se realizaron en Galicia nos anos 2017, 2018?

6ª) Onde tiveron lugar os ditos cursos?

7ª) Considera a Consellería do Mar que son suficientes?

8ª) Que previsión de realización de novos cursos hai para o ano 2019?

Pazo do Parlamento, 8 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 08/05/2019 16:45:16

Patricia Otero Rodríguez na data 08/05/2019 16:45:29



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**.

Unha veciña de Quiroga denunciou publicamente a falta de atención por parte do HULA ante unha doenza que a podería deixar en cadeira de rodas se non se operara.

Esta paciente ten dúas hernias discais na L4 e L5, padece dor, produto dunha lumbalxia con irradiación ao membro inferior dereito de carácter incapacitante.

O seu periplo comezou na primavera de 2017. Logo, despois de varias consultas e probas, o 23 de novembro do 2018, cos resultados na man, Traumatoloxía do Hospital de Monforte confírmalle que é precisa unha revisión urxente no servizo de Neurocirurxía, para a que ten cita para febreiro do 2019, pero que, como o seu lombo está moi mal, debería axilizarse todo o posible. Deste xeito, a familia pon unha reclamación en Atención ao Paciente para axilizar a cuestión. Dende entón, a familia sinala “vivir un rosario de accións inexplicables e contraditorias. E a desesperación ante o cúmulo de despropósitos”, tanto no Hospital de Monforte como no HULA.

A familia reclama no Hospital de Monforte que se lle adiante a cita de neurocirurxía tal e como prescribe o servizo de Traumatoloxía, mediante escrito rexistrado o 26 de novembro de 2018. A reclamación é admitida no rexistro pero non foi tramitada, tendo que insistir cunha nova reclamación o 28 de febreiro de 2019.



Agardando a cita do 6 de febreiro de 2019, o Sergas chama á paciente para retrasar a cita. A consulta posponse, xustificando ditos cambios con que o neurocirurxián non podía atendela nesas datas: primeiro, atrásase do 6 ao 7 de febreiro, logo, para o 21 de febreiro,

Unha vez conseguida a cita en neurocirurxía, anúncianlle que non operan a maiores de 55 anos e que debe volver ao seu servizo de traumatoloxía, onde lle darían solución á súa doenza. Xestionan unha nova cita no HULA para o 8 de outubro do 2019, mentres acoden a Traumatoloxía, onde lles dá un volante solicitando que se adiante a cita dada para o mes de outubro, pero a resposta por escrito a esa petición é cambiar a cita para finais de novembro.

A familia leva desde entón chamando á xerencia do HULA e a Atención ao Paciente sen recibir resposta, ata que, logo do rexistro dunha pregunta por parte deste grupo parlamentario, se lle comunica vía telefónica o adiamento da cita.

Posteriormente, dende o HULA vólvese derivar á paciente a Traumatoloxía de Monforte e pídenselle probas para as que non se lle dá cita ata setembro de 2019.

A situación é grave, porque a dor é incapacitante e a paciente solicita ser atendida e operada o antes posible, seguindo as recomendacións de Traumatoloxía, para deixar de sentir dor e acabar co risco de quedar en cadeira de rodas.

Polo exposto, a deputada que subscribe presenta as seguintes preguntas:

1.^a) A que se debe a tardanza na cita en neurocirurxía desta veciña?





- 2.^a) Como valora a Xunta o feito de que Atención ao Paciente de Monforte non atendera correctamente as súas reclamacións, sen sequera tramitar a queixa rexistrada en novembro de 2018?
- 3.^a) Como valora a Xunta o periplo burocrático no que se ve envolta esta paciente, con cambios de cita por teléfono, e a incertidume na que estivo sumida esta familia?
- 4.^a) Que cantidade de citas anuais se aprazan na EOXI de Lugo en cada servizo do mesmo xeito que a desta paciente?
- 5.^a) Por que se lle traslada a esta paciente que non se opera a maiores de 55 anos en neurocirurxía de Lugo?
- 6.^a) Vai o SERGAS aclarar este caso e pórse en contacto con esta familia?
- 7.^a) Cal é a lista de agarda (estrutural e non estrutural) nos servizos de traumatoloxía e neurocirurxía na EOXI de Lugo, en cada un dos hospitais?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 08/05/2019 18:14:30



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A nosa Comunidade Autónoma contaba con 213.359 traballadores por conta propia en abril de 2018 e pasou a ter 210.643 autónomos/as en abril de 2019, perdéndose nun só ano 2716 autónomos. Isto tradúcese nun descenso do 1,3 %, colocando Galicia coma a Comunidade Autónoma que lidera a perda de traballadores por conta propia, en datos interanuais, segundo o informe elaborado pola ATA Galicia (Asociación de Traballadores Autónomos de Galicia).

En 12 meses en Galicia perdéronse:

- 1.461 autónomos no sector da Industria.
- 1.319 no Comercio.
- Na Agricultura 988.
- Construción con 333.
- Hostalería 284.

Desde 2014 na nosa Comunidade Autónoma non se pecha un ano en positivo no relativo á cifra de traballadores por conta propia. No que vai de 2019 perdéronse xa 643 autónomos, o que supón un 0,3 % menos, ao revés do que acontece a nivel nacional, no que aumenta un 0,4 % ata os 3,26 millóns de traballadores por conta propia.

En Galicia o emprego autónomo ten unha extraordinaria importancia e paradoxalmente a nosa Comunidade Autónoma lidera a perda de autónomos, por iso, segundo reclama ATA Galicia é necesario frear a continua perda de autónomos e urxe adoptar medidas co obxectivo de paliar este descenso no número de autónomos.



Nunha comunidade autónoma, como a nosa, con graves problemas demográficos, despoboamento, dispersión de poboación e tendencia á concentración na franxa atlántica, o arraigamento dos autónomos no territorio é estratéxico.

A Xunta de Galicia debe de comprometerse dun xeito real co papel do emprego autónomo na nosa economía, axudando á creación deste tipo de emprego, apoiando os inicios dos autónomos/as favorecendo a creación de novas empresas e tamén para que os emprendedores galegos poidan consolidar os seus proxectos, sobre todo aqueles que levan menos de 42 meses funcionando, que é cando máis se necesitan.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª. Como valora o Goberno galego a perda de traballadores autónomos no último ano na nosa comunidade autónoma?

2ª. Cales pensa, o Goberno galego, que son as razóns da perda de traballadores por conta propia na nosa comunidade autónoma no último ano, cando no resto do Estado sube o seu número?

3ª. Que medidas ten pensado adoptar o Goberno galego para evitar a caída do número de traballadores por conta propia en Galicia?

Pazo do Parlamento, 8 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 08/05/2019 18:42:37

Noela Blanco Rodríguez na data 08/05/2019 18:42:48

Julio Torrado Quintela na data 08/05/2019 18:42:53



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

O imposto sobre sucesións e doazóns é un tributo de natureza directa e subxectiva, cuxo feito imponible é gravar os incrementos de patrimonio que se producen, normalmente, como consecuencia de herdanzas e doazóns, así como os seguros de vida nos que o contratante sexa persoa distinta do beneficiario.

As características principais deste imposto son por unha banda o seu carácter persoal e subxectivo, xa que ten en conta as circunstancias persoais do suxeito pasivo; por outra, favorece a transmisión de determinados bens como a vivenda habitual, empresas individuais, participacións en entidades ou bens integrantes do patrimonio histórico e por ser un imposto progresivo, xa que ademais de ter unha escala de gravame progresiva, posúe un coeficiente multiplicador en función do parentesco e do patrimonio preexistente do suxeito pasivo.

O feito imponible deste imposto constitúeno a adquisición de bens e dereitos por herdanza, legado ou calquera outro título sucesorio; a adquisición de bens e dereitos por doazón ou por calquera outro negocio xurídico a título gratuito e «inter vivos» e/ou a percepción de cantidades polos beneficiarios de contratos de seguro sobre a vida, cando o contratante sexa persoa distinta do beneficiario.

Na Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, no seu artigo 2 a Comunidade Autónoma de Galicia estableceu unha serie de beneficios fiscais para o imposto sobre sucesións e doazóns:

“Un. Modifícase a alínea Dous do artigo 6 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactada como segue:

«Dous. Redución por parentesco.

Nas adquisicións por causa de morte, incluídas as dos beneficiarios de pólizas de seguros de vida, por razón do parentesco co causante, aplicarase a redución que corresponda das incluídas nos seguintes grupos:



a) *Grupo I: adquisicións por descendentes e adoptados menores de 21 anos, 1.000.000 de euros, máis 100.000 euros por cada ano menos de 21 que teña o habente causa, cun límite de 1.500.000 euros.*

b) *Grupo II: adquisicións por descendentes e adoptados de 21 anos ou máis e menores de 25, 900.000 euros, menos 100.000 euros por cada ano maior de 21 ata 24; de 25 anos ou máis, cónxuxes, ascendentes e adoptantes, 400.000 euros.*

c) *Grupo III: adquisicións por colaterais de segundo e terceiro grao e ascendentes e descendentes por afinidade, 8.000 euros.*

d) *Grupo IV: nas adquisicións por colaterais de cuarto grao, graos máis distantes e estraños, non haberá redución».*

Dous. Modifícase o punto 1 da alínea Tres do artigo 7 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

«Tres. Redución por adquisición de vivenda habitual.

1. Cando na base impoñible dunha adquisición mortis causa estea incluído o valor da vivenda habitual do causante, e a adquisición corresponda aos seus descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade, practicarase unha redución cun límite de 600.000 euros e aplicarase a porcentaxe de redución que corresponda en función do valor real total do inmovible:

Valor real do inmovible Porcentaxe de redución

Ata 150.000,00 euros 99 %

De 150.000,01 a 300.000,00 euros 97 %

Máis de 300.000,00 euros 95 %

Cando a adquisición corresponda ao cónxuxe, a redución será do 100 % do valor na base impoñible, cun límite de 600.000 euros.

No caso do parente colateral, este deberá ser maior de 65 anos e será necesaria a convivencia co causante durante os dous anos anteriores ao falecemento.

Para os efectos previstos nesta alínea, entenderase que a última vivenda habitual na que se residiu non perde tal carácter cando o causante, por circunstancias físicas ou psíquicas, se trasládase para recibir coidados a un centro



especializado ou a vivir cos familiares incluídos no grupo de parentesco que dá dereito a obter a redución».

Tres. Modifícase o artigo 11 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

«Artigo 11. Deducións na cota tributaria

Nas adquisicións mortis causa por suxeitos pasivos incluídos no Grupo I do artigo 6. Dous do presente texto refundido, incluídas as cantidades percibidas polas persoas beneficiarias de seguros sobre a vida, practicarase unha dedución do 99 % do importe da cota»”.

A Consellería de Facenda anunciaba que con estas bonificacións, o 99 % dos galegos e das galegas non terían que pagar nin un euro por este tributo na herdanza dun familiar por vía directa e que a Comunidade galega converteríase na cuarta autonomía que menos ingresaría por este tributo.

Tres anos despois da aprobación desta lei, vemos que a recadación por este imposto se incrementou nun 22 % respecto ao recadado en 2015, chegando aos 196,5 millóns de euros, é dicir, 36 millóns máis.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales son as causas polas que se ten incrementado a recadación deste imposto?

2ª) Ten feito a Consellería de Facenda algún estudo comparativo sobre a súa evolución nos últimos dez anos?

3ª) Ten feito a Consellería de Facenda algún estudo comparativo do número de suxeitos pasivos e contías liquidadas por suxeito pasivo durante os últimos dez anos?

4ª) Segundo a Consellería de Facenda, que impacto terá para este exercicio o artigo 2 da Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas?

Pazo do Parlamento, 8 de maio de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 49761
Data envío: 08/05/2019 19:00:24.217

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/05/2019 18:58:16

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/05/2019 18:58:25

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGkzgrlIMqL9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**

Adega vén de denunciar que o réxime de protección específico da Cova de Eirós, Ben de Interese Cultural, é claramente insuficiente, xa que non concreta as medidas que pensa adoptar. Non indica como se pensa protexer o macizo calcario na vertical da Cova; tampouco as restricións maiores para o uso de explosivos que se empregan na actividade mineira da contorna, algo particularmente grave na medida na que “os parámetros de control e monitorización das voaduras que ata agora rexeron” son “totalmente insuficientes para garantir a integridade e preservación integral do xacemento”. Desta maneira, a Xunta de Galicia deixa nas mans da empresa mineira que alí opera “as medidas de integración ambiental do BIC”.

O Goberno galego non pode alegar ignorancia para tentar xustificar semellante desleixo, pois fai tempo que coñece “a existencia de fendas de considerable envergadura e infiltracións moi activas que xa están a danar irreversiblemente as pinturas rupestres atopadas, como acontece na Sala do Mamut”. Foi a actividade mineira, que rebaixou o terreo levando a cota de explotación a 50 metros do teito da cova, a que provocou a escorrentía. Malia o acontecido, “a Xunta tampouco obriga a establecer medidas específicas de reparación do ámbito do BIC danado, nin tampouco a desenvolver un control máis rigoroso das condicións ambientais do interior da Cova, como pode ser a medición dos niveis de CO₂”.





A delimitación da área de protección integral tamén presenta importantes eivas. “No lado sur da ladeira do monte Penedo, esta fica a tan só 50 metros da zona de explotación mineira de Cementos Cosmos S. A.”, co risco de que a canteira poida continuar avanzando cara o xacemento. Nesta cuestión, a Consellería de Cultura fixo oídos xordos ao requirimento de Adegas, que solicitaba ampliar aos 200 metros a zona de protección do BIC máis próxima á canteira. Deste xeito, o Goberno galego optou por favorecer “os intereses lucrativos da mineira sobre a preservación do xacemento e desbotando nun futuro inmediato calquera acción destinada á rexeneración do estado natural da contorna máis próxima á cavidade”.

O comunicado de Adegas remata alertando de que na declaración definitiva do BIC non se recolle “a presenza doutras 10 covas aparecidas na área delimitada como BIC (...) que tamén se poderían ver afectadas pola actividade mineira”. Novamente, isto non sucede por descoñecemento, xa que “Adegas informou á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da súa existencia en maio de 2018, solicitando a súa inclusión e recoñecemento na declaración do BIC debido ao seu potencial interese patrimonial”.

Así as cousas, non é escusable de ningún xeito a negligencia do Goberno galego, que debería emendar de inmediato as carencias evidentes no réxime de protección específico da Cova de Eirós.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.^a) Por que a Xunta de Galicia decidiu non adoptar as medidas que foron propostas por Adegas para protexer a Cova de Eirós?





- 2.^a) Por que non modificou os parámetros de control e monitorización das voaduras froito da actividade mineira?
- 3.^a) Por que non fixo nada para evitar que se produciran fendas e infiltracións na cova?
- 4.^a) Por que non ampliou a 200 metros a zona de protección do BIC que se atopa máis preto da canteira?
- 5.^a) Por que non se recolleu a presenza doutras 10 covas aparecidas na área delimitada como BIC?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:





María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 09/05/2019 12:48:40

Luca Chao Pérez na data 09/05/2019 12:48:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na comisión 6ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente tense confirmado a intención de Naturgy de poñer fin ao funcionamento da central térmica de Meirama. O anuncio do peche de Meirama enmárcase na negativa de Naturgy a adaptar tecnoloxicamente a central é a crónica dunha morte anunciada e unha mala nova ao producirse sen ningún tipo de planificación ou opción de transición realista a un novo escenario enerxético e produtivo que non supoña un retroceso. Esta situación é froito da falta de planificación dos sucesivos gobernos centrais, mais tamén da propia Xunta de Galiza e do seu abandono das competencias que lle corresponden.

Cómpre recordar que hoxe as térmicas galegas funcionan con carbón importado e esta ten sido unha desculpa empregada polo goberno central para afondar nas consecuencias negativas deste modelo de explotación colonial combinado cunha política enerxética centralista ao excluír Galiza das políticas públicas arbitradas presuntamente para impulsar os territorios mineiros en reconversión. Se ben as zonas de Meirama e As Pontes non extraen carbón hoxe, si podemos dicir que son comarcas xa que aínda pagan as consecuencias do fin da explotación dos minerais (despedimentos,





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

impacto natural, na saúde da poboación, falta de adaptación a outras formas de produción etc).

A Directiva Europea de Emisións determina uns niveis de emisións contaminantes ao que han de adaptarse as térmicas para poder funcionar até 2045. Quen marca esas emisións e os límites é a Unión Europea, nin Galiza nin o Estado, o que reflexa a falta de soberanía do noso país. Esta Directiva non é nova e durante a última década asistimos a un desatendemento constante do Estado e da Xunta, que permitiron o incumprimento de límites de emisións e que en ningún momento promoveron ou negociaron medidas para que o aire que respiramos estea máis limpo.

Para que a transición a un novo modelo enerxético teña o menor impacto negativo posíbel é preciso acordar consensos de país para que Galiza non continúe perdendo.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na comisión 6ª:

Como avalía a Xunta de Galiza a situación de Meirama?

Que actuacións propias vai levar a cabo o goberno galego diante do anuncio de peche de Meirama?

Como valora a situación das térmicas galegas?

Desde cando coñece o goberno galego a decisión de Naturgy?

Que ten feito o goberno galego para fiscalizar as emisións de Meirama? E para fiscalizar se se estaba a adaptar ou non?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como valora a Xunta de Galiza os seus falsos anuncios en comparencias de prensa no ano 2016 garantindo a continuidade de Meirama?

Como valora a exclusión de Galiza do Plan Carbón?

Como valora esta situación do punto de vista laboral?

Como valora esta situación do punto de vista ambiental?

Como valora esta situación do punto de vista da produción enerxética?

Santiago de Compostela, 09 de maio de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/05/2019 13:08:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 09/05/2019 13:08:13

Ana Pontón Mondelo na data 09/05/2019 13:08:19

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/05/2019 13:08:21

Olalla Rodil Fernández na data 09/05/2019 13:08:23

Xosé Luis Bará Torres na data 09/05/2019 13:08:27



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8.^a**

En maio de 2018 todos os grupos políticos do Parlamento de Galicia, á proposta de En Marea, aprobaron por unanimidade acometer de xeito urxente as obras de dragado do Porto Chico en Foz.

En Marea defendeu, ademais, no Parlamento que a Consellería do Mar presentara un proxecto, acompañado de cronograma e partidas orzamentarias, para acometer melloras integrais de calado e abrigo no Porto Chico de Foz.

Un ano despois, a Asociación A Ribeira de Foz denuncia que continúa sen novidades a respecto das melloras necesarias para o peirao de Tupide, en Foz.

A asociación citada presentara en maio de 2017 un plan de mellora para o Porto Chico diante da conselleira do Mar Rosa Quintana, naquela altura, sinalara que se comprometeu a “estudar a posibilidade de mellorar a funcionalidade do porto deportivo de Portochico”.

Destas melloras, unicamente se impulsou dende Portos de Galicia o dragado e o acceso ao novo pantalán, agardando que se renove con urxencia o firme do pantalán vello.

O Porto Chico, ademais da dragaxe, precisa un cambio na súa configuración, para mellorar as condicións de abrigo e de seguridade.

A realidade do Porto Chico, ou peirao de Tupide, en Foz, que serve de porto deportivo, orixina múltiples prexuízos, pois as embarcacións instaladas no mesmo, que pagan as correspondentes taxas polo atraque, sofren estragos durante





os temporais, optando mesmo por subir a terra as lanchas ou trasladalas ao porto pesqueiro.

En 2016, a Xunta foi interpelada polas previsións para dragar o peirao de Tupide e a resposta foi que non tiñan intención de facelo porque ningún colectivo o solicitara. Finalmente, rectificouse, porque a propia Asociación A Ribeira de Foz si solicitara estas melloras tan necesarias. Asemade, esta asociación ten presentado ante a Consellería do Mar unha proposta de actuacións de mellora do Porto Chico, consistente en modificar o espigón, cambiando a bocana de ubicación, de xeito que, ademais, melloraría a seguridade da praia de Tupide, pois actualmente as embarcacións acceden ao porto por diante da praia, con situacións de perigo para bañistas. Coa solución proposta por A Ribeira de Foz, a dársena quedaría protexida de temporais e correntes e impediríase a entrada de area, co calado perduraría. Estas melloras permitirían, ademais, un aumento das prazas de atraque, dende as 70 actuais a máis de 110.

A situación na que se atopa este peirao orixina múltiples prexuízos, pois as embarcacións instaladas no mesmo, que pagan as correspondentes taxas polo atraque, sofren estragos durante os temporais, optando mesmo por subir a terra as lanchas ou trasladalas ao porto pesqueiro. En resumo, que a infraestrutura non cumpre cos obxectivos para os que foi deseñada, malia as persoas usuarias pagar as taxas correspondentes mesmo cando non teñen o servizo.

O potencial de Foz a nivel náutico-deportivo e pesqueiro está lastrado pola falta de prazas de amarre e as continuas necesidades de dragado. No caso do Porto Chico hai dificultades para saír e entrar, hai posibles situacións de perigo cos e as bañistas de Tupide e hai demanda de máis prazas de atraque.

A Xunta afirmou nunha resposta parlamentaria que agardaba que “a ampliación de 40 prazas, destinadas a embarcacións de sétima lista” se daría “resposta ás necesidades existentes no municipio de Foz”.





Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.^a

- Realizou a Consellería do Mar os estudos necesarios para acometer as melloras integrais no Portochico propostas pola Asociación A Ribeira de Foz?
- Cando vai impulsar a Xunta este estudo e estas melloras do Porto Chico?
- Ten a Xunta algún informe técnico sobre o estado das instalacións de Porto Chico?
- Vaise volver reunir a Conselleira do Mar con todos os colectivos afectados?
- Vaise aproveitar a presenza da draga en Ribadeo e Burela este ano para operar tamén en Foz?
- Non considera a Xunta que a modificación do espigón que propón a Asociación A Ribeira de Foz melloraría a seguridade de embarcacións e bañistas?
- Que vai facer a Xunta ante a demanda non atendida de prazas de atraque en Foz?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:





Paula Vázquez Verao na data 09/05/2019 13:32:21



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.^a**.

Cando se levou a cabo a apertura do Servizo de Medicina Nuclear no HULA, realizouse unha convocatoria para a elaboración de listado de aspirantes a participar no concurso de operadores de instalación radioactivas de medicina nuclear. Establecendo como bases da mesma a necesidade de acceso para persoal estatutario fixo correspondente ás categorías de DUE e TER con destino definitivo no HULA.

Ademais, na propia convocatoria se estipulaba, que o persoal aspirante debía asumir o compromiso explícito de realizar unha rotación pola Unidade de Medicina Nuclear do CHUS e superar o curso para a obtención da preceptiva licenza de operador de instalación radioactivas de Medicina Nuclear do Consello de Seguridade Nuclear, co compromiso de que quen o superase, debería prestar servizos na Unidade de Medicina Nuclear do HULA e cubrir as ausencias que se produzan por parte do persoal designado para a prestación habitual de servizos en dita Unidade.

Neste sentido, seis persoas da categoría DUE e cinco persoas da categoría TER, foron as que superaron o proceso. En relación a categoría TER, en outubro de 2015 cando abre o Servizo infórmase de que solo contará cun técnico e polo tanto a persoa que quedou primeira da lista pasará a ocupar ese posto, rotando o resto de persoas para a cobertura de baixas e vacacións.



En setembro de 2018 comeza a traballar na Unidade unha técnico de Medicina Nuclear en comisión de Servizo, que non tiña superada a convocatoria antes citada e que, segundo instrucións da supervisora, debe ser formada pola actual técnico titular do Servizo. Como consecuencia disto, en febreiro de 2019, a técnico titular é desprazada da Unidade pola nova técnico en comisión de servizos.

Segundo o artigo 39 do Estatuto marco do persoal Estatutario do Servizo Galego de Saúde que regula as comisións de Servizo no Sergas, estas deben responder a necesidades do Servizo cando unha praza ou posto de traballo esté vacante ou temporalmente desatendido, así como ser cuberto por persoal estatutario fixo coa categoría e a especialidade correspondente.

Tendo en conta o recollido pola Lei, non se explica a actuación por parte da dirección do Hospital en relación ao desprazamento da técnico titular, que tiña superadas as probas estipuladas na convocatoria, por unha persoa en comisión de Servizo, sen contar cos requisitos estipulados para a propia comisión de Servizo e sen ter superados os requisitos da convocatoria inicial. Unha actuación, que responde máis á arbitrariedade que á dilixencia esperada en relación ao cumprimento da normativa reguladora por parte da Administración.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea pregunta:

- Considera o Goberno que esta actuación está a cumprir o estipulado na normativa vixente que regula dita materia?
- Opina o Goberno que os feitos descritos son propios dunha actuación dilixente?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2019.





Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/05/2019 13:41:22



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**.

O deterioro na sanidade pública polos recortes orzamentarios e a política de privatizacións levada a cabo polo Goberno, está a ter consecuencias moi graves na propia prestación sanitaria, pero tamén nas condicións laborais do persoal.

Neste sentido, os hospitais comarcais son duramente castigados, a causa dun desmantelamento paulatino dos seus servizos tanto no ámbito material como no humano. Verín supón un claro exemplo desa situación, con deficiencias que condicionan unha atención axeitada.

Existen algunhas que son xa estruturais e que se repiten por todo o Servizo Galego de Saúde, tales como a falta de profesionais de enfermería, celadores ou auxiliares de enfermería, que no caso de Verín provocan que nas quendas de noite solo estean por unidade dúas enfermeiras e unha auxiliar e media. No caso dos celadores, soamente contan con un celador para todas as plantas e outro para urxencias na quenda de noite.

En relación as especialidades, pediatría supón un problema que como non se lle poña solución traerá graves consecuencias. Actualmente non existe hospitalización de pediatría, unicamente dispónse dun pediatra para os partos, un profesional que xa tivo que prorrogar ata tres veces a súa xubilación e que se ve obrigado a facer ata 28 gardas ao mes. Ademais, dito profesional traballa na





Atención Primaria, que queda desatendida cada vez que ten que desprazarse ao hospital.

Existen tamén problemas en relación a falta de anestesistas, unha cuestión que provoca que se teñan que adiar as intervencións ou que se teñan que derivar ao CHUO e á privada para poder atender á demanda.

Ademais, as deficiencias non tocan soamente ao persoal, existen deficiencias de material como os ecógrafos, xa que dos dous ecógrafos dos que dispoñen, un atópase avariado, afectando directamente ao servizo de xinecoloxía.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea pregunta:

- Cando ten pensado o Goberno solucionar estas deficiencias?
- Considera que con esta falta de medios pode darse unha atención axeitada e de calidade?
- Que pensa facer cando se xubile o pediatra que queda?
- Non considera que se está a producir un agravio para as persoas que teñen que verse obrigadas a operarse na privada por falta de anestesistas?
- Por que non se renovan os ecógrafos?
- Cal é a planificación do Goberno para poñer fin a deficiencia estrutural de persoal que existe no Servizo Galego de Saúde?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/05/2019 13:58:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de modificar o concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre que ven de facer público o 061.

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, dependente do Sergas, ven de facer público o concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre.

Ao coñecer os datos deste concurso volven saltar as alarmas, o malestar e a preocupación porque o transporte sanitario urxente é un servizo vital, e todo fai indicar que o Goberno galego segue a optar por un modelo de xestión que mercantiliza a saúde, significa recortes na prestación do servizo e as condicións laborais dos traballadores.

O BNG lamenta que de novo a maior puntuación para conceder o servizo sexan as ofertas económicas en lugar de melloras en vehículos, materiais e persoal destinadas a prestar unha mellor prestación.

O concurso público presentado non soluciona os problemas do servizo, non atende as demandas que se veñen realizando tanto pola cidadanía como d@s profesionais, non vai rematar cos déficits históricos que colapsan o servizo por falta de vehículos e equipos humanos suficientes, xa que neste novo concurso elimínanse





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recursos e dispositivos existentes e non se contemplan demandas de ampliación tanto en ambulancias medicalizadas (Valdeorras, Bergantiños, Baixo Miño...) nin básicas.

Se ben se contemplan dúas novas ambulancias medicalizadas (ASVA), unha para a comarca do Salnés e outra para Monforte, atopámonos con que reducen persoal, pasando de catro traballadores/as (dous técnicos/as, un médico/a e un enfermeiro/a) a tres (un técnico, un médico/ e un enfermeiro/a.

Outra das novidades é a creación dun híbrido entre a ambulancia medicalizada e a básica, de xeito que só vai estar dotada cun/cunha técnic@ e profesional de enfermería, e reducindo persoal, e polo tanto capacidade de actuación diante dunha emerxencia.

Ningunha destas medidas ten xustificación desde o punto de vista asistencial, só responde a criterios económicos de recorte.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1.- Considera a Xunta de Galiza que coas condicións contempladas no concurso que ven de facer público a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre se pode dar unha asistencia sanitaria de calidade?

2.- Que modelo de transporte sanitario terrestre defende o Goberno galego?

3.- Coida que as condicións nas que se licita o contrato son as axeitadas para garantir un servizo de calidade e as condicións laborais d@s traballadores/as?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.- Non lle parece preciso modificar os criterios de valoración, de feito que sexan as melloras en vehículos, materiais e persoal destinadas a prestar unha mellor prestación, as que se lle adxudique maior puntuación, na vez da oferta económica?

5.- Cal é a razón para modificar a dotación de todas as ambulancias medicalizadas (ASVA) eliminando un técnico dos equipos profesionais que viñan tendo até o de agora: dous técnic@s, 1 persoal de enfermería 1 persoal facultativo?

6.- Cal é a razón de non ten contemplado no concurso a ampliación das ambulancias que se veñen demandando de xeito constante pola poboación e @s profesionais: tanto as de soporte vital básico, como as de soporte vital avanzado (ASVA) en Valdeorras, Baixo Miño, Bergantiños?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/05/2019 17:08:16

Ana Pontón Mondelo na data 09/05/2019 17:08:20

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/05/2019 17:08:22

Olalla Rodil Fernández na data 09/05/2019 17:08:23

Noa Presas Bergantiños na data 09/05/2019 17:08:25

Xosé Luis Bará Torres na data 09/05/2019 17:08:26





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

A Escola de Cantería depende da Deputación de Pontevedra e tivo sempre a súa sede no concello de Poio. Nunha primeira época as instalacións estiveron no mosteiro de Poio e actualmente están situadas na Caeira. Trátase dun centro de formación con 40 anos de historia, que entronca coa tradición do traballo artesanal coa pedra da área de Pontevedra e que se vencella ao inxente patrimonio artístico e arquitectónico galego.

A Escola de Cantería creouse en 1979 coa intención de poñer en valor o oficio, formar profesionalmente o alumnado e proporcionarlle unha saída laboral para darlle continuidade á tradición ao tempo que se actualiza e renova a práctica profesional. O centro imparte 5 anos de estudos e comprende dous niveis de formación con dúas titulacións: a de canteiro/a con tres anos de formación; e a de mestre/a canteiro, con dous máis. Cada curso supón unhas 996 horas lectivas coa impartición de 9 materias: Cantería de restauración de pedra; Escultura en pedra; Modelado en barro e baleirado; Construción; Debuxo lineal; Debuxo artístico; e Historia da arte.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Máis de 1.600 alumnos/as formáronse na Escola ao longo da súa historia. Nos mellores tempos chegou a ter uns 70 alumnos/as, mentres que na actualidade a matrícula viuse reducida a 12. Este descenso da matrícula ten que ver coa falta de recoñecemento académico duns estudos moi cualificados mais que non contan con recoñecemento oficial. Nin sequera é recoñecido polo Servizo Galego de Emprego.

Atopámonos pois diante dunha situación contraditoria: temos unha escola e uns profesionais con moito prestixio, con unha ampla experiencia de traballos realizados para todo o mundo, con alumnado que traballou en edificios tan emblemáticos como a Catedral de Santiago, A Sagrada Familia, o Big Ben ou o Capitolio. Recentemente, numerosos medios de comunicación fixéronse eco do ofrecemento da asociación de canteiros de Poio para colaborar nos traballos de restauración de Notre Dame.

Para intentar poñerlle solución a esta situación, o Pleno da Deputación de Pontevedra aprobou o pasado mes de marzo unha iniciativa promovida pola asociación Homologar Canteiros Poio. O obxectivo desta proposta era instar á Xunta de Galiza a levar a cabo as iniciativas necesarias para a homologación dos estudos, tanto no caso das novas persoas tituladas como no de ex-alumnos e alumnas.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

Como valora o goberno galego a situación na que se encontra a Escola de Cantería de Poio debido á falta de recoñecemento oficial dos estudos que se imparten neste centro?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten coñecemento do acordo adoptado pola Deputación de Pontevedra na que se insta ao goberno galego a iniciar as xestións necesarias para a homologación da titulación?

Que xestións fixo a Xunta de Galiza para dar resposta a esta demanda?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 09/05/2019 17:35:57

María Montserrat Prado Cores na data 09/05/2019 17:36:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 09/05/2019 17:36:05

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/05/2019 17:36:06

Olalla Rodil Fernández na data 09/05/2019 17:36:07

Noa Presas Bergantiños na data 09/05/2019 17:36:09



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG.

Nas recentes semanas, entre finais de marzo e primeiros de abril, Galicia viviu unha época pre-electoral que elevou, como é natural, as informacións de carácter político e a presenza de información deste tipo nos informativos e programas da CRTVG a unha maior repercusión.

Nesas épocas sucedéronse varios acontecementos e informacións que recibiron un tratamento bastante peculiar por parte da CRTVG, dado o interese que levantaron noutros medios. Nomeadamente, Galicia recibiu a visita de ministras do Goberno de España nesas datas, a ministra de Economía, Nadia Calviño, e a ministra de Sanidade, María Luisa Carcedo. A pesares da entidade da visita, que tivo contido de interese para Galicia, tiveron unha repercusión sorprendente na información ofrecida pola TVG.

No caso da ministra de Sanidade, a única información ofrecida foi a valoración respecto dunha cuestión preguntada polo Goberno de Galicia, sen fundamento real. Non existiu espazo para as valoracións feitas pola ministra sobre a situación sanitaria, nin sobre as medidas que o Ministerio estaba a pór en marcha.

O caso da visita da ministra de Economía foi máis rechamante. Non apareceu a súa visita nos informativos da CRTVG. Os medios de comunicación xerais cubriron esta visita, e tiveron en conta (en maior ou menor medida) esta presenza e algunhas valoracións. Non foi así por parte do CRTVG.

Pola contra incluíronse informacións relativas ao PSdeG, referidas a cuestións de carácter local e orgánico, o que semella ser de menor interese para o conxunto da cidadanía.

Todo iso debuxa un panorama orientado a esconder informacións reais, e sobrerrepresentar algunhas construídas, que tenden a intentar debilitar a imaxe dalgún partido político, o que repercute sempre en beneficio doutro ou doutros. Ese nesgo non debería ser aceptada nin validada nun medio público.



Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

Que criterios xustifican que a CRTVG informase de maneira tan reducida da presenza de ministras do Goberno de España en Galicia para tratar cuestións de interese para a cidadanía de Galicia?

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/05/2019 10:46:01

Noela Blanco Rodríguez na data 03/05/2019 10:46:08

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE
COMPOSTELA

Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a publicidade en materia de xogo e apostas nos medios de comunicación audiovisuais públicos de Galiza.

Nos últimos anos teñen proliferado no noso país, e no conxunto do Estado español, as plataformas on-line de apostas e mesmo os locais (espazos físicos) que acollen este tipo de actividades.

Actualmente, no noso país existen un total de 136 casas de apostas e 3.853 terminais, a maior parte en locais de hostalaría, unha cifra moi por riba da prevista no Regulamento 162/2012, do 7 de xuño, aprobado pola Xunta de Galiza –que fixaba un máximo de 2.000 máquinas-- modificada en 2017 até as 3.600.

A súa xeralización está a acender todas as alarmas polas consecuencias que ten sobre a poboación, especialmente entre a mocidade. Neste senso, os resultados preliminares dun estudo desenvolvido pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) sinala que un de cada catro mozos de entre 12 e 17 anos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

apostaron algunha vez, a maior parte deles de maneira presencial. Ademais, a ludopatía avanza como un grave problema de saúde pública.

Neste contexto, a publicidade relacionada coas apostas xoga un papel fundamental polo que os medios de comunicación, especialmente de titularidade pública, non poden ficar á marxe do debate.

Nas últimas semanas, as Corporacións das radios e televisións de Euskadi (EiTB) e Catalunya (CCMA) acordaron prohibir –agás determinadas excepcións- a emisión ou inserción da actividade publicitaria e promocional relacionada co xogo e as apostas en liña, argumentando a súa decisión na necesidade de protexer e salvagardar, sobre todo, “os dereitos das persoas máis vulnerábeis fronte aos graves problemas de tipo aditivo que o xogo e as apostas poden xerar”, sinalou a directora xeral de EiTB, Maite Iturbe.

A CRTVG ten aprobado as Normas reguladoras da comunicación comercial audiovisual emitida a través das canles e servizo conexos e interactivos da CRTVG S.A. Nesta norma, no artigo 36 sobre comunicacións comerciais audiovisuais non admitidas a Corporación asegura que “non se emitirán en horario de protección da infancia comunicacións comerciais audiovisuais ou autopromocións de actividades de xogo”. Porén, non o prohibe nas demais faixas horarias.

Aliás, no Capítulo VII régulanse outros aspectos vinculados coa publicidade relacionada co xogo relativos, entre outros, á existencia do título habilitante que autorice a realización desa comunicación comercial (artigo 56) ou ao cumprimento dos principios de responsabilidade social (artigo 57), a obriga de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incluir mensaxes de loita contra a adición (artigo 58) ou a protección das e dos menores (artigo 59).

Aínda que a CRTVG ten avanzado nun marco normativo regulador propio proteccionista, que apela á responsabilidade social –como corresponde a unha entidade pública, outras Corporacións teñen ido un paso máis alá e, como dicíamos con anterioridade, acordaron a prohibición destas emisións e insercións publicitarias na súa totalidade.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

- Conta actualmente ou contou nos últimos anos a CRTVG con publicidade relacionada coas apostas e o xogo?
- De ser así, cantas, en que formato, con que contido e en que horario se emitiron?
- Valora a CRTVG prohibir na súa totalidade este tipo de publicidade?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres
Noa Presas Bergantiños
Montserrat Prado Cores
Xosé Luis Rivas Cruz
Ana Pontón Mondelo
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2019 18:19:46

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2019 18:19:50

Ana Pontón Mondelo na data 08/05/2019 18:19:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/05/2019 18:19:53

Noa Presas Bergantiños na data 08/05/2019 18:19:54

Xosé Luis Bará Torres na data 08/05/2019 18:19:56



Á MESA DO PARLAMENTO

M^a Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**.

A CRTVG leva tempo atravesando unha situación complicada, que empeorou notablemente durante o último ano: suprimíronse as desconexións locais dos servizos informativos, fulminouse o Diario Cultural, afondouse aínda máis na habitual manipulación política das noticias e o Consello de Informativos, unha reivindicación histórica do persoal da corporación, continúa sen asomar no horizonte.

É por esa razón que os traballadores e traballadoras da CRTVG levan 50 semanas convocando os Venres Negros, nos que protestan contra as inxerencias políticas que sofren no seu día a día. Así, deron unha lección de dignidade e profesionalidade, e demostraron que o ente público conta cun corpo de profesionais comprometidos. Agora, os directivos da CRTVG, decidiron recorrer ás coaccións encubertas para deter as mobilizacións. A súa última vítima foi Carlos Jiménez.

Carlos Jiménez vén de ser sancionado por realizar un labor que leva anos facendo para a CRTVG: locutar un programa elaborado por unha produtora e emitido pola propia TVG. Malia que moitos dos seus compañeiros e compañeiras solicitaron o arquivo do proceso por consideralo unha represalia inxusta, a corporación decidiu finalmente sancionar ao traballador coa suspensión de emprego e soldo de nove días por unha falta grave. O castigo carece de sentido, xa que fai máis de dez anos que Carlos presentou a petición de compatibilidade





para facer o que fixo; petición que lle foi concedida, como figura no seu expediente.

Non é a primeira vez que un traballador da corporación é expedientado apelando a un motivo peregrino. No pasado, Tati Moyano fora expedientada por recorrer ao servizo de maquillaxe da canle cando ía presentar unha gala benéfica contra o cancro. Porén, dito proceso si foi arquivado pola dirección xeral de Recursos Humanos da CRTVG. Cómpre supoñer, polo tanto, que a partir de agora a corporación ten a intención de ser máis contundente nas súas represalias contra os traballadores e traballadoras.

Na mesma liña apunta a circular interna que o persoal da corporación recibiu o 1 de abril, que lembraba, dun xeito claramente ameazante, “as condicións e circunstancias que deben presidir a actuación de todos os profesionais da TVG”. O contido da carta advertía que os traballadores e traballadoras que se manifestaran a favor dos Venres Negros durante a xornada de traballo, coas súas palabras ou coa súa vestimenta, serían expedientados.

As coaccións e ameazas ás que a CRTVG somete aos seus traballadores e traballadoras son inaceptable e teñen que rematar de inmediato, xa que son impropias de calquera entidade pública que se gabe de ser respectuosa coas regras do xogo democrático:

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión.

- 1.^a) Parécelle xustificicado que se sancione a Carlos Jiménez por facer o mesmo que leva anos facendo co consentimento explícito da CRTVG?
- 2.^a) A CRTVG está coaccionado aos seus traballadores para acabar cos Venres Negros?
- 3.^a) Se non é así, como explica a circular interna sobre a vestimenta?





- 4.^a) Como explica que se sancione a Carlos Jiménez xusto agora?
- 5.^a) A CRTVG vaise sentar a falar cos traballadores e traballadoras que se manifestan tódolos venres para buscar unha solución acordada ao conflito?
- 6.^a) Vai seguir sancionando ao seu persoal ata que se renda?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 09/05/2019 13:08:39

Luca Chao Pérez na data 09/05/2019 13:08:46



Á MESA DO PARLAMENTO

M^a Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**.

A CRTVG leva tempo atravesando unha situación complicada que empeorou notablemente durante o último ano: suprimíronse as desconexións locais dos servizos informativos, fulminouse o Diario Cultural e afondouse aínda máis na habitual manipulación política das noticias. Ademais, o Consello de Informativos, unha reivindicación histórica do persoal da corporación, continúa sen data.

É por esa razón que os traballadores e traballadoras da CRTVG levan case un ano convocando os Venres Negros, nos que protestan contra as inxerencias políticas que sofren no seu día a día. Deste xeito, están dando cada semana unha lección de dignidade e profesionalidade, demostrando que o ente público conta cun corpo de profesionais comprometidos co seu oficio e co conxunto da cidadanía galega.

Malia as mobilizacións dos traballadores, a CRTVG continúa censurando todas aquelas opinións que comprometen a imaxe do actual Goberno galego ou da propia corporación. Así o demostra o feito de que se dera a orde de non emitir na TVG contidos de Ses que xa estaban programados porque a cantante levara unha camiseta co lema de #DefendeAGalega a unha entrevista do programa de televisión Zigzag diario a ao espazo radiofónico Galicia por Diante. Esta información foi recollida por diversos medios de comunicación galegos.





Tras informar do veto a Ses, Sermos Galiza recibiu un burofax remitido por “Ferro Abogados”, en calidade de representante da CRTVG, que esixía que rectificara as súas palabras, xa que o veto non proviña da coordinación de Cultura, como afirmara o diario dixital. Porén, o burofax non desmentía a existencia dunha orde interna de non emitir contidos de Ses que xa estaban previstos, como unha nova entrevista no programa de televisión A Revista ou a emisión dun videoclip en Zigzag fin de semana.

Deste xeito, compróbase que a CRTVG non só pretende censurar aos seus traballadores e traballadoras, senón que tamén intenta silenciar aos medios de comunicación que, como Sermos Galiza, informan da deriva totalitaria da corporación pública.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión.

- 1.^a) Quen deu a orde de non emitir contidos relacionados con Ses que xa estaban programados na CRTVG?
- 2.^a) Cal foi a razón?
- 3.^a) A que outros medios de comunicación coaccionou Ferro Abogados, servizo xurídico da CRTVG, para que non publicase ou emitise contidos contrarios ao ente público?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 09/05/2019 13:32:33

Luca Chao Pérez na data 09/05/2019 13:32:40





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

